


**PROTOCOLO
DE COORDINACIÓN
E COOPERACIÓN
INSTITUCIONAL
FRONTE Á
VIOLENCIA DE XÉNERO
NA COMUNIDADE
AUTONÓMA DE GALICIA**

OBSERVATORIO GALEGO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

XUNTA DE GALICIA



**PROTOCOLO
DE COORDINACIÓN
E COOPERACIÓN
INSTITUCIONAL
FRONTE Á
VIOLENCIA DE XÉNERO
NA COMUNIDADE
AUTONÓMA DE GALICIA**

OBSERVATORIO GALEGO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

XUNTA DE GALICIA



Edición

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral de Igualdade

Depósito Legal

DL C-70-2018

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	7
2. OBXECTIVO E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN	13
3. METODOLOXÍA	17
3.1 INVESTIGACIÓN DOCUMENTAL E IDENTIFICACIÓN DE FONTES DE INFORMACIÓN SECUNDARIA.....	20
3.2 MESAS DE TRABALLO E FONTES DE INFORMACIÓN PRIMARIA	21
3.3 PROCESO DE DESEÑO E REDACCIÓN DO DOCUMENTO	23
4. SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN.....	25
4.1 PROPOSTAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA A SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE DE XÉNERO E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	28
4.2 PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA A SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE DE XÉNERO E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO SEGUNDO ÁREAS DE INTERVENCIÓN	30
5. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN	39
5.1 ÁREA EDUCATIVA.....	42
5.1.1 CONTEXTO	42
5.1.2 ALCANCE.....	43
5.1.3 PROCEDEMENTO	43
5.1.4 COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS.....	49
5.2 ÁREA SANITARIA	50
5.2.1 CONTEXTO	50
5.2.2 ALCANCE.....	51
5.2.3 PROCEDEMENTO	51
5.2.4 COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS.....	55
5.3 ÁREA DE FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE	58
5.3.1 CONTEXTO	58
5.3.2 ALCANCE.....	59
5.3.3 PROCEDEMENTO	60
5.3.4 COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS.....	65

5.4	ÁREA XURÍDICA.....	67
5.4.1	CONTEXTO.....	67
5.4.2	ALCANCE.....	68
5.4.3	PROCEDEMENTO	68
5.4.4	COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS.....	79
5.5	ÁREA SOCIAL	80
5.5.1	CONTEXTO.....	80
5.5.2	ALCANCE.....	81
5.5.3	PROCEDEMENTO	81
5.5.4	COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS.....	92
6.	FLUXOGRAMAS DE ACTUACIÓN	95
6.1	FLUXOGRAMA ÁREA EDUCATIVA.....	98
6.2	FLUXOGRAMA ÁREA SANITARIA	99
6.3	FLUXOGRAMA ÁREA DE FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE	100
6.4	FLUXOGRAMA ÁREA XURÍDICA.....	101
6.5	FLUXOGRAMA ÁREA SOCIAL	102
7.	RECOMENDACIÓNS E MELLORAS	105
7.1	PROPOSTAS DE MELLORA E RECOMENDACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	108
7.2	PROPOSTAS DE MELLORA E RECOMENDACIÓNS POR ÁREAS.....	109
7.2.1	FORMACIÓN E CAPACITACIÓN	109
7.2.2	ATENCIÓN DA MULLER E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	111
ANEXOS	115	
	ANEXO 1: CONSENTIMENTO INFORMADO E AUTORIZACIÓN PARA COMPARTIR INFORMACIÓN.....	118
	ANEXO 2: DERIVACIÓN ENTRE ÁREAS E RECURSOS DESTINADOS Á LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	120
	COMPROMISO DAS PARTES E COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO.....	123

1. INTRODUCCIÓN



A casuística que explica a violencia de xénero é diversa e require de actuacións no ámbito social, xurídico, educativo, sanitario e de seguridade, polo que é preciso unha boa coordinación entre os diferentes axentes que interveñen na sensibilización, prevención e loita contra a violencia de xénero.

O desenvolvemento normativo e lexislativo existente en materia de igualdade de xénero está encamiñado a fomentar a colaboración en todos os eidos e a garantir a asistencia integral das mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, publicada no BOE nº 313 do 29 de decembro de 2004, reconece o dereito á asistencia social integral no seu artigo 19.

Así mesmo, na mesma lei, enuméranse os dereitos subxectivos das mulleres que sofren situacións de violencia de xénero:

- Dereito a ser informadas e asesoradas.
- Dereito á asistencia social integral a través de Servizos Sociais.
- Dereito á asistencia xurídica gratuíta.
- Dereitos laborais e prestacións da seguridade social.
- Dereitos económicos ás persoas afectadas pola violencia de xénero con escasos recursos.

Ademais, a I Estratexia nacional para a erradicación da violencia contra a muller 2013-2016 aprobada en Consello de Ministros, o 26 de xullo de 2013, sinala a coordinación e o traballo en rede como un dos seus eixos transversais.

No ámbito autonómico prodúcese unha simplificación da normativa existente a través do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A [Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero](#)¹, publicada no DOG nº 152 do 7 de agosto de 2007, e modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, regula:

- Por unha banda, as medidas preventivas para loitar contra a violencia de xénero, a través da sensibilización social, investigación, formación e educación regrada, establecendo a prevención como pilar básico de actuación nas políticas públicas de igualdade de xénero.
- Pola outra, as accións dos poderes públicos para protexer e atender as mulleres que sofren violencia de xénero, garantíndolles unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral e especializada.

Nesta liña, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 recolle no Capítulo 3. *Prevención e tratamento da violencia de xénero*, dúas liñas estratéxicas: unha vinculada á sensibilización e prevención e outra relacionada coa intervención integral e coa coordinación institucional.

A disposición adicional sexta da Lei 11/2007 establece a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero como órgano colexiado institucional de Galicia, encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolven en Galicia, desenvolvido polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, publicado no DOG nº 142 do 26 de xullo de 2012.

Neste decreto dispónse que para o exercicio das súas funcións, o Observatorio Galego da Violencia de Xénero pode crear comisións de traballo, logo da aprobación pola maioría das persoas que conforman o Pleno, co fin de elaborar os informes técnicos que se consideren oportunos.

1 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20070807/Anuncio2D48A_gl.html

O Observatorio Galego da Violencia de Xénero (en diante OBGVX) propuxo no Pleno do 5 de maio de 2014 a creación de distintos grupos de traballo segundo as achegas realizadas polas vogais que o integran. O 8 de setembro de 2014, nunha xuntanza celebrada na Secretaría Xeral da Igualdade, constituíronse os tres primeiros grupos de traballo designados no seo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero:

1. **Grupo de traballo 1: Elaboración dun Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia (GT1).**
2. Grupo de traballo 2: A voz das vítimas (GT2).
3. Grupo de traballo 3: Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade dende o ámbito educativo (GT3).

No marco do Grupo de traballo 1: *Elaboración dun Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na CA de Galicia*, levouse a cabo o proceso de deseño, redacción e validación deste protocolo, para facilitar a coordinación e colaboración entre as distintas entidades e axentes que interveñen no eido da violencia de xénero para garantir unha atención integral ás mulleres e menores que a sofren.

Así mesmo, as conclusións, achegas e melloras resultantes do Grupo de traballo 2 A voz das vítimas foron incorporadas tamén ao presente protocolo, especialmente, no que respecta á identificación de propostas de mellora, estratexias para a sensibilización e a prevención, e recomendacións e melloras.

2. OBXECTIVO E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN



O obxectivo que se persegue coa aplicación do *Protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero para a Comunidade Autónoma de Galicia* consiste en establecer os criterios de coordinación e colaboración institucional entre os distintos axentes implicados na prevención e protección dos actos de violencia de xénero, así como na asistencia ás persoas afectadas, garantindo unha actuación integral, áxil e coordinada.

Dentro do seu ámbito de acción, as partes que subscriben este protocolo adoptarán as medidas legislativas ou doutro tipo necesarias, de conformidade cos principios fundamentais dos dereitos humanos e tendo en conta a perspectiva de xénero neste tipo de violencia, para garantir unha investigación e un procedemento efectivos polos delitos previstos no Convenio de Estambul.

A continuación enuméranse os principios de actuación que determinaron a definición deste protocolo e que rexerán a súa aplicación:

- Actuación integral, personalizada, áxil e inmediata ás persoas que sofren violencia de xénero.
- Detección e prevención como prioridade.
- Atención especializada ás persoas afectadas pola violencia de xénero.
- Respecto á intimidade e dignidade das persoas que sofren violencia de xénero.
- Fomento da autoestima e da autonomía das persoas afectadas pola violencia de xénero.
- Coordinación das actuacións das distintas entidades, axentes e administracións que interveñen ante unha situación de violencia de xénero.
- Concienciación e sensibilización dos poderes públicos e da sociedade respecto á violencia machista.

3. METODOLOGÍA



Este protocolo preséntase como un documento de referencia que facilita a configuración dun sistema articulado e homoxéneo, en ningún caso se trata dunha ferramenta estanca, máis ben todo o contrario, conta coa flexibilidade suficiente para permitir aos axentes claves –que interveñen no proceso de atención ás mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero– adaptar os procedementos que aquí se describen, identificar melloras, concretar os procesos *estandarizados*, etc.

No deseño e elaboración deste protocolo utilizáronse alternativamente diferentes metodoloxías para a obtención de información primaria e secundaria.

3.1 INVESTIGACIÓN DOCUMENTAL E IDENTIFICACIÓN DE FONTES DE INFORMACIÓN SECUNDARIA

Realizouse unha análise documental da normativa e lexislación existente, protocolos de coordinación utilizados noutras comunidades autónomas, acordos *interinstitucionais*, protocolos e procedementos específicos (tanto a nivel autonómico como estatal), así como outra documentación de referencia.

A información obtida permitiu contrastar e comparar procesos de atención e intervención en diferentes áreas, identificar boas prácticas e elaborar documentos de traballo para axilizar e facilitar o desenvolvemento das mesas de traballo.

3.2 MESAS DE TRABALO E FONTES DE INFORMACIÓN PRIMARIA

No marco do Grupo de traballo 1. *Elaboración dun Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na CA de Galicia*, organizáronse tres mesas de traballo nas que participaron todas as institucións e entidades que o conforman:

- Secretaría Xeral de Igualdade: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Dirección Xeral de Xustiza: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia
- Federación Galega de Municipios e Provincias
- Unidade de Coordinación contra a Violencia Sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Consellería de Política Social
- Consellería de Facenda
- Consellería de Sanidade. SERGAS
- Secretaría Xeral de Emigración
- Dirección Xeral de Administración Local
- Dirección Xeral de Función Pública
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Comisións Obreiras Galicia (CCOO)
- Unión Xeral de Traballadores Galicia (UGT)
- Asociación Anel (Consello Galego das Mulleres)
- Asociación Eidades (Consello Galego das Mulleres)

Ao mesmo tempo, as persoas que integran o GT1 identificaron e nomearon axentes chave cos que se conformou un subgrupo técnico, que permitiu obter información primaria sobre os procesos e actuacións nos diferentes eidos de intervención, interacción entre áreas, identificación de protocolos de actuación e documentación de referencia, demandas e necesidades, validación do procedemento de actuación, etc.

A continuación, estableceuse a relación de entidades que formaron parte do subgrupo técnico de traballo GT1:

- Consellería de Sanidade. SERGAS
- Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Consellería de Política Social
- Dirección Xeral de Xustiza. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Instituto de Medicina Legal de Galicia. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Servizo de Psiquiatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela-SERGAS
- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia
- Unidade de Coordinación contra a Violencia Sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia
- Garda Civil. Delegación do Goberno en Galicia
- Policía Nacional. Delegación do Goberno en Galicia
- Centro de Información á Muller do Concello A Coruña (Fegamp)
- Centro de Información á Muller do Mancomunidade de Ordes (Fegamp)
- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Viveiro (Fegamp)
- Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza. COPG
- Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia
- Consello da Avogacía de Galicia

3.3 PROCESO DE DESEÑO E REDACCIÓN DO DOCUMENTO

Unha vez recompilada e analizada a documentación secundaria, así como as achegas e información facilitada polas fontes de información primaria a través das mesas de traballo, redactábase o borrador do procedemento de actuación da área correspondente.

Posteriormente enviábase aos axentes chave do subgrupo técnico para a súa valoración, abrindo un prazo para realizar emendas, propostas e recomendacións de mellora.

A partir dos procedementos de actuación validados por cada unha das áreas elaborouse o borrador do documento íntegro do protocolo, o cal requiriu organizar outra mesa de traballo tanto do subgrupo técnico como do propio GT1.

4. SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN



Todas as entidades e institucións que interveñen na loita contra a violencia de xénero teñen unha gran responsabilidade dende o punto de vista da sensibilización e da prevención.

Na prevención distínguense tres niveis:

- **Prevención primaria**, cando o conflito aínda non xurdiu, supón anticiparse aos problemas que poidan aparecer, atacando as causas reais dos mesmos.
- **Prevención secundaria**, cando o conflito xa xurdiu, baséase na pronta detección e tratamento dos problemas existentes antes de que se agraven.
- **Prevención terciaria**, arbitrando procesos de protección especializados para a muller e menores que sofren unha situación de violencia de xénero.

A actuación nos tres niveis de prevención esixe contar con recursos e instrumentos de socialización, de asesoramento e de intervención que permitan que as mulleres poidan establecer un novo plan de vida, así como recuperar a súa identidade como persoas, para evitar que se reproduzan condutas de subordinación noutras relacións.

A prevención dirixida a menores (infancia, adolescencia e mocidade) deberá incidir nun desenvolvemento social e afectivo acorde á súa idade e cun modelo de unidade familiar no que as relacións afectivo emocionais e as crenzas (actitudes e condutas en materia de igualdade de xénero) sexan positivas e favorables a unha educación en igualdade.

A sensibilización centrarase en dotar á sociedade daqueles instrumentos necesarios para recoñecer a violencia de xénero en todas as súas dimensións, o que require programas e accións de carácter informativo e formativo.

4.1 PROPOSTAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA A SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE DE XÉNERO E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo:

Facilitar a resposta institucional e a coordinación fronte á violencia de xénero

1. Difusión e accesibilidade do presente protocolo entre todas as entidades e institucións que interveñen na loita contra a violencia de xénero.
2. Servizo de consulta en distintos ámbitos da violencia de xénero mediante correo electrónico da Secretaría Xeral de Igualdade para as persoas profesionais dos ámbitos de actuación recollidos no presente protocolo.
3. Creación dun espazo web no que as distintas persoas que traballan a prol da sensibilización e prevención da violencia de xénero poidan intercambiar experiencias, propoñer actuacións conxuntas, consultar dúbidas e recompilar a información sobre recursos existentes de forma actualizada, etc.
4. Creación dun rexistro único de expedientes relacionados coa violencia de xénero e regulación do acceso ao mesmo.

Obxectivo:

Mellorar a atención e servizos prestados ás mulleres e menores que sofren violencia de xénero

1. Formación especializada en atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero para o persoal que traballa nos diferentes eidos de intervención.
2. Inclusión de temas vinculados coa igualdade e a violencia de xénero (sensibilización, prevención, detección e tratamento), adaptados segundo o caso, nos procesos selectivos para o acceso aos distintos corpos profesionais implicados no protocolo.
3. Requirimento de formación previa para o acceso a postos especializados en materia de violencia de xénero, como xeito de medir e valorar a sensibilidade e interese na temática.
4. Elaboración, publicación e difusión de materiais informativos sobre recursos e servizos existentes destinados a apoiar ás mulleres e menores que sofren violencia de xénero.

Obxectivo:**Dar visibilidade á problemática da violencia de xénero
(causas, alcance, características, prevención, etc.)**

1. Validación das campañas institucionais de sensibilización e prevención de ámbito autonómico con persoal experto das distintas áreas recollidas no protocolo.
2. Aumento da difusión das campañas institucionais de carácter autonómico, canto aos medios, lugares, actividades parellas, etc.
3. Seguimento e avaliación das campañas institucionais de carácter autonómico. Análise do incremento do número de denuncias e/ou chamadas solicitando información nun período de tempo posterior á campaña.
4. Organización de obradoiros e charlas destinadas á poboación adulta en colaboración co tecido asociativo, entidades e institucións de carácter local (centros de información á muller, servizos sociais municipais, centros de atención primaria), Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio Oficial de Traballo social, etc.
5. Formación especializada para persoal que traballa nos diferentes medios de comunicación.
6. Elaboración e difusión de informes periódicos sobre a atención realizada a mulleres e menores que sofren violencia de xénero.

En Galicia, o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico de convivencia recoñecido na lexislación básica do Estado e na citada Lei 4/2011.

Este Decreto 8/2015 sinala, no artigo 12, o seguinte obxectivo do plan de convivencia: “e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.”

Así pois, en relación ao **obxectivo de mellorar a capacidade de detección e resposta á violencia de xénero** proponse:

1. Difusión e comunicación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
2. Creación de grupos de traballo integrados pola comunidade educativa e axentes clave da Administración autonómica que permitan identificar demandas e necesidades concretas, reforzar as accións e os programas activos, poñer en marcha as actualizacións normativas, etc.
3. Realización de recollida e análise de datos de xeito sistemático sobre a percepción do alumnado co fin de obter información que permita valorar a evolución do proceso de coeducación entre a mocidade.
4. Designación de persoas responsables de igualdade de oportunidades nos consellos escolares que actúen como guías do proceso de coeducación e como interlocutores en materia de igualdade e violencia de xénero dentro da comunidade educativa.

A Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, recolle no eixo 3 o apoio aos centros e á comunidade educativa, liña na que se integra o obxectivo 3.1, que consiste en formar en dinámicas e estratexias favorecedoras da convivencia harmónica, entre as que se inclúen actuacións en materia de prevención da violencia de xénero.

A prevención e sensibilización propiamente dita require de **actuacións e medidas concretas que permitan actuar de forma coordinada e prolongada ao longo do curso escolar**, complementando así as campañas puntuais que se poñen en marcha en datas sinaladas:

1. Organización de charlas en IES e CIFP lideradas por mulleres que sufriron situacións de violencia de xénero, así como por axentes clave que interveñen nos procesos institucionais de loita contra a violencia de xénero. (Poñer en valor e facilitar novos referentes masculinos que se sumen á loita contra a violencia de xénero).
2. Ampliación da cobertura do programa “Por 365 días de respecto e igualdade” para dar cabida a todos os centros educativos solicitantes.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero prevé no seu capítulo I, entre outras, as seguintes medidas en relación ao ámbito educativo: **favorecer a escolarización inmediata das fillas e dos fillos que se vexan afectados por un cambio de residencia derivada de actos de violencia de xénero, e posibilitar a actuación da Inspección educativa** para velar polo cumprimento e aplicación dos principios e valores recollidos na mencionada lei.

3. Elaboración por parte da consellería con competencias en materia de educación de instrucións ou protocolos de traballo que faciliten e axilicen o proceso de toma de decisión, actuación e resposta da comunidade educativa ante as diferentes necesidades que xorden ante un caso de violencia de xénero (escolarización, medidas cautelares, control e seguimento).
4. Actividades de formación do profesorado, tanto centralizadas nos CFR como no marco dos proxectos de formación permanente do profesorado, que permita ao persoal docente, departamento de orientación e equipos directivos profundar sobre como actuar, coñecer os procedementos e instrucións existentes, actualizarse sobre cambios normativos, etc..

Froito da colaboración e coordinación institucional a nivel autonómico nace o **I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**, elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral de Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria, e que emerxe como unha ferramenta concreta para *“abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal”*.

Os 4 principios inspiradores do plan son:

- **Carácter transversal:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- **Inclusión e integración da diversidade.** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

A continuación, móstrase a estrutura do plan, que integra 6 eixes de acción, cos seus correspondentes obxectivos e nos que se contemplan un total de 87 medidas para desenvolver.

EIXE 1	Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
EIXE 2	Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
EIXE 3	Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística, ...).
EIXE 4	Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.
EIXE 5	Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
EIXE 6	Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Medidas de actuación

Estes 6 eixes, entendidos como liñas xerais de traballo, materialízanse a través de 27 medidas concretas de actuación, que se detallan como seguen:

- M1. Elaborar orientacións para a valoración de **materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero.
- M2. **Revisar materiais didácticos** vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- M3. **Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos** desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.
- M4. **Realizar publicacións divulgativas** para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M5. **Realizar accións informativas** con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M6. Fornecer **pautas para a revisión dos documentos internos** do centro e aplicar medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M7. Crear un **espazo web dentro do portal** educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M8. Realizar accións formativas sobre **materiais didácticos coeducativos**.
- M9. Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de **formación inicial do novo persoal funcionario docente**.
- M10. Fomentar a **oferta de actividades formativas** no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- M11. **Identificar os cursos** relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado.
- M12. Constituír **foros de debate e discusión** interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- M13. Impulsar a formación e **participación das familias** a través das escolas de nais e pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.
- M14. Constituír un **encontro anual** para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M15. Favorecer a implicación das familias nos **programas de innovación educativa** que están a traballar no ámbito da igualdade.
- M16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa **actividade deportiva** co fin de afondar na inclusión da muller.
- M17. Identificar e difundir as **boas prácticas e materiais de referencia** para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.

- M18. Ofertar unha **materia de libre configuración autonómica** para abordar a perspectiva de xénero na ESO e iniciar a análise para a súa inclusión na etapa de bacharelato.
- M19. Impulsar un **ciclo formativo superior** para incluír a perspectiva de xénero na FP.
- M20. Establecer un **grupo interdisciplinario** para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo.
- M21. Realizar unha guía básica de **detección precoz da violencia de xénero** que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.
- M22. Realizar un breve **protocolo de actuación** para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M23. Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en **intervencións socio comunitarias**.
- M24. Configurar e xestionar **maletas viaxeiras** para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.
- M25. Promover unha **elección do futuro académico e profesional** libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.
- M26. Realizar **talleres** e actividades educativas específicas para facilitar un **proxecto persoal e profesional** baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.
- M27. Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de **referentes femininos** en todos os eidos da sociedade.



I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/plan_igualdade_20160905_def.pdf

Área sanitaria

1. Inclusión na formación continuada de persoal sanitario tanto da **atención integral ás mulleres e menores** que sofren violencia de xénero como de aspectos sobre **prevención e detección precoz a través dos homes** que exercen violencia.
2. Realizar **sesións clínicas interdisciplinarias sobre casos reais** que foran abordados no centro ou servizo, incluíndo casos nos que as mulleres e/ou menores se atopan en situacións de especial vulnerabilidade.
3. Fomentar e **facilitar mecanismos para a coordinación** cos centros de información á muller (CIM), cos servizos sociais, co Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) e Rede galega de acollemento, que permita unha atención integral tanto da muller como das fillas ou fillos.

4. Informar colocando **carteis e folletos en lugares visibles** que indiquen á sociedade que a violencia é un tema obxecto de atención sanitaria e no que se pode ofrecer axuda.
5. Incorporar nas políticas públicas sanitarias a violencia de xénero como **factor de risco que afecta a saúde**.
6. Fomentar, a través da relación do persoal sanitario coa paciente, actitudes, valores e actividades que favorezan a **autonomía persoal** da muller e ás e os menores, o exercicio dos seus dereitos persoais, sexuais e de relacións sociais, promovendo a súa participación en actividades grupais dentro e fóra do sistema sanitario que incrementen o seu **desenvolvemento psico-social e o seu autocoidado**.
7. Fomentar a través da relación do persoal sanitario co paciente, actitudes, valores e actividades que **favorezan nos homes a adopción de modelos** de relación baseados na igualdade e na equidade, potenciando **habilidades persoais e a xestión emocional**.
8. Incluír na actividade de **Educación para a Saúde**, nos grupos de Educación Maternal e nos programas específicos para ambos proxenitores, contidos de **sensibilización e prevención** da violencia contra as mulleres, **modelos de crianza** baseados no apego seguro, así como aspectos de **novas masculinidades** dentro do rol paterno. Actividades que de xeito transversal incidan na ruptura dos roles e estereotipos tradicionais asignados en función do sexo.
9. Colaborar con **asociacións comunitarias** a través de obradoiros, xornadas e charlas explicando as consecuencias deste tipo de violencia na saúde e cal é o papel do persoal sanitario.

Área de forzas e corpos de seguridade

1. Desenvolver programas de **sensibilización e formación especializada** dos efectivos policiais que interveñen nesta materia non só no relativo á súa profesión, senón en igualdade, violencia de xénero e na consideración das e dos menores como vítimas (afondando nas secuelas e recomendacións existentes). Fomentar a perspectiva de xénero para mellorar a xestión de todos os recursos.
2. **Incentivar e facilitar a participación e actuación da Policía local e da Unidade de Atención á Familia e Muller (UFAM)** na loita contra a violencia de xénero, mellorando a coordinación con outras instancias implicadas na intervención e tratamento das vítimas, fundamentalmente cos centros de información ás mulleres (CIM), cos servizos sociais, co Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) e coa Rede galega de acollemento.
3. Establecer un **programa especializado** que recolla o apoio de profesionais da psicoloxía na abordaxe da violencia de xénero na actuación e procedementos desenvolvidos no marco das forzas e corpos de seguridade.
4. Establecer **canles internas** que favorezan a coordinación e comunicación entre o eido seguridade e os principais recursos sociais: Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI), centros de información ás mulleres (CIM) e Rede galega de acollemento.

Área xurídica

1. Promover a **formación especializada** en igualdade de oportunidades e violencia de xénero, de carácter interdisciplinario, para todas as persoas que desenvolven algunha actividade ao longo do procedemento xudicial (avogadas e avogados, xuízas e xuíces, fiscalía, letradas e letrados da Administración de xustiza, persoal funcionario da Oficina Xudicial, etc.) que garanta unha **actitude** próxima e o desenvolvemento de **habilidades** necesarias para traballar cun colectivo tan específico, como o das mulleres e menores que sofren violencia de xénero.
2. Desenvolver **programas de sensibilización** nos que participen mulleres e menores que sufriron violencia de xénero, especialmente deseñados para avogadas e avogados, xuízas e xuíces e Fiscalía, orientados a modificar as actitudes á hora de intervir coas mulleres e menores, propiciando a proximidade e a escoita activa.
3. Manter e mellorar o programa de **formación continua**, deseñado para as quendas de oficio dos colexios de avogados/as, especializado en violencia de xénero.

Área social

1. **Mellorar a coordinación entre os servizos comunitarios básicos e os específicos**, especialmente entre os centros de información ás mulleres e o programa de intervención familiar, tanto no eido da intervención como na detección e prevención.
2. Establecer **instrucións concretas que axilicen a resposta**, resolución e comunicación en materia de violencia de xénero dos servizos sociais especializados cara aos servizos comunitarios.
3. Mellorar os instrumentos específicos para a **colaboración coa Rede galega de acollemento**.
4. Mellorar os instrumentos específicos para a **colaboración co Centro de Recuperación Integral** para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI).
5. Establecer mecanismos e ferramentas que permitan poñer en marcha **itinerarios de formación e mellora para o emprego** nas mulleres que sofren violencia de xénero.
6. Promover a **formación continua** entre o persoal especializado dos servizos sociais comunitarios no eido da igualdade de xénero, **avaliación** de políticas públicas, deseño de proxectos en materia de igualdade de xénero e procura de financiamento.
7. Promover o **traballo en rede entre os centros de información á muller**, que permitan ao mesmo tempo deseñar e elaborar documentos de traballo que unifiquen e estandaricen criterios de actuación.
8. Promover o traballo en rede entre os centros de información á muller e a Rede galega de acollemento, que permitan e faciliten os procesos de intervención de xeito conxunto.

5. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN



A continuación establécense os procesos de intervención para cada unha das cinco áreas que se contemplan no presente protocolo:

1. Educativa
2. Sanitaria
3. Forzas e corpos de seguridade
4. Xurídica
5. Social

Todos os centros, servizos e intervencións recollidos no protocolo deberán ser accesibles tamén para as mulleres, as nenas e os nenos con diversidade funcional.

5.1 ÁREA EDUCATIVA

5.1.1 CONTEXTO

A educación é un eido fundamental para levar a cabo a prevención e sensibilización na loita contra a violencia de xénero, na medida en que pode obrar directamente na modificación e erradicacións daquelas actitudes machistas e sexistas, que se asumen de forma natural como parte dunha identidade de xénero construída en base a estereotipos e roles de xénero.

A comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado, persoal non docente) confórmase, porén, como un axente chave para o cambio social e cultural que require a loita contra a violencia de xénero no presente e no futuro, promovendo a adquisición de valores de tolerancia e de respecto, ao marxe de prexuízos e estereotipos machistas e propiciando modelos de relacións igualitarias entre as persoas.

A erradicación da violencia de xénero só é posible se se conseguen mudar aquelas actitudes, comportamentos e pensamentos a partir dos cales se interioriza que mulleres e homes son seres sociais diferentes.

Neste proceso de reeducación e transformación, a escola emerxe como un contorno ideal para actuar e aplicar de forma directa políticas e programas públicos específicos, na medida en que concentra ao público obxectivo prioritario (o propio alumnado) e aos axentes de socialización (profesorado).

Os piares básicos para actuar no eido educativo son:

- a **prevención e sensibilización**: a coeducación é a mellor estratexia para facer fronte á desigualdade entre mulleres e homes.
- a **identificación**: debido á capacidade de detectar casos de violencia de xénero que necesitan de atención social e educativa.
- a **intervención**: que require articular un sistema de resposta áxil e eficaz que sexa capaz de coordinar o eido educativo co resto das áreas que interveñen na loita contra a violencia de xénero.

Ademais hai que engadir a **dobro vertente na que participa o eido educativo**:

Por unha banda, como sistema ou estrutura (en todos os niveis educativos) capaz de fomentar unha sociedade máis igualitaria modificando modelos de conduta sociais e culturais da muller e do home e eliminando os prexuízos e as prácticas baseadas na inferioridade ou superioridade dun dos sexos.

Pola outra, como lugar de encontro, mellora e capacitación (especialmente no ensino universitario) do alumnado de carreiras profesionais susceptibles de “crear” axentes chave que no futuro intervirán no proceso institucional de atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero (enfermería, medicina, traballo social, psicoloxía, dereito, etc.).

5.1.2 ALCANCE

A actuación que se describe neste protocolo refírese a toda a comunidade educativa en xeral e ao persoal docente, con énfase nos equipos directivos e na coordinación entre os centros de ensino.

5.1.3 PROCEDEMENTO

1. Identificación dunha situación de violencia de xénero entre o alumnado

Refírese á existencia de violencia de xénero no marco dunha relación adolescente (alumna que sofre violencia de xénero por parte da súa parella ou compañeiro) ou no fogar (fillas ou fillos de mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero).

En ámbolos dous casos, no contexto da adolescente ou no fogar, calquera persoa da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de violencia de xénero, deberá comunicalo inmediatamente á dirección do centro.

Para que isto sexa posible é necesario trasladar entre toda a comunidade educativa a obriga de implicarse na loita contra a violencia de xénero e establecer ferramentas e recursos que faciliten o traslado de dita información (canles de comunicación anónima, persoas mediadoras de referencia, instrucións sobre como actuar, espazos que xeren confianza, actitudes de empatía e compromiso, etc.)

O centro deberá facilitar información e formación, de forma periódica, sobre os principais indicadores compatibles cunha situación de violencia de xénero.

CADRO 1. Principais indicadores compatibles cunha situación de violencia de xénero

Indicadores compatibles cunha situación de violencia de xénero por parte da parella ou compañeiro do centro	Indicadores compatibles coa existencia dunha situación de violencia de xénero no fogar
<ul style="list-style-type: none"> • Cambio de imaxe (por parte da moza). • Actitude por parte do mozo de control, posesión e chamadas de atención cara á moza (no caso de ser parella un alumno do mesmo centro). • Burlas, humillacións, insultos, empurróns por parte da parella ou compañeiro do centro. • Mazaduras, marcas ou sinais no corpo da moza. • Cambios de actitude por parte da moza. 	<ul style="list-style-type: none"> • Incremento do absentismo escolar e das faltas non xustificadas. • Ausencia ou falta de interese nas actividades de carácter extraescolar. • Cambios bruscos de actitude e irascibilidade tanto co alumnado como co persoal docente (inestabilidade). • Modificación na conduta e no carácter da ou do menor.
En calquera das situacións	
<ul style="list-style-type: none"> • Diminución do rendemento escolar e da atención. • Dificultades para concentrarse. • Illamento e menor relación co resto de compañeiros e compañeiras tanto na aula coma noutros espazos. • Incremento repentino de faltas por motivos médicos. • Mostras de esgotamento, mareos, estrés, ansiedade, etc. • Descenso da autoestima. 	
Indicadores compatibles cunha situación de violencia de xénero a ter en conta coa familia	
<ul style="list-style-type: none"> • Percíbese maior irascibilidade e cambios de humor repentinos. • Illamento no ámbito adolescente e tamén no eido familiar. • Reduce o tempo de ocio, esparexemento, intereses persoais e incrementa o tempo destinado a estar coa parella. • Vixilancia e necesidade de manter contacto permanente coa parella (abuso de teléfono móbil, redes sociais e novas tecnoloxías en xeral). • Modificación de conduta e comportamento (formas de vestir, pensamentos e crenzas, prioridades e preferencias vitais, etc.) na moza. • Cambios na autoestima, intelixencia social e emocional e modos de relacionarse. • Alternancia de discusións e reconciliacións coa parella. • Discusións e enfrontamentos no círculo e entre a familia, como consecuencia da relación adolescente. • Xustificación das actitudes, comportamentos e reaccións do mozo agresor por parte da moza. • Exposición por parte do mozo a modelos de pensamento e crenzas patriarcais e machistas. 	

2. Valoración da situación e adopción do itinerario de actuación

A actuación e resposta por parte do centro dependerá do risco identificado e constatacións dos feitos e circunstancias na que se atopa a alumna que sofre a violencia de xénero xa sexa por parte da parella ou dalgún compañeiro, ou ben alumnado que sofre violencia de xénero no fogar.

En todo caso, a dirección do centro procederá a convocar de forma inmediata unha reunión coas seguintes persoas:

- Titora ou titor da alumna que sofre a violencia de xénero.
- Titora ou titor da persoa que presuntamente exerce a violencia de xénero (sexa parella ou non).
- Poderá contar coa colaboración da xefatura do departamento de orientación do centro.

O obxectivo desta reunión inicial será recompilar toda a información posible, analizala e planificar o itinerario a seguir (reunións, responsabilidades, proceso de investigación, comunicación oficial, etc.) en función das características concretas e da situación existente.



Rexistraranse por escrito todas as reunións, especificando a información recollida e as actuacións acordadas (**acta**).

No suposto de que se atopen indicios suficientes de que unha alumna sofre violencia de xénero por parte dun alumno do mesmo centro, como para o inicio dun procedemento corrector, as actuacións específicas a levar a cabo serían:

1. Establecemento das medidas de protección que sexan necesarias para garantir a integridade física, psicolóxica e seguridade da alumna:
 - Asignación dunha persoa do centro educativo de apoio e atención á alumna.
 - Solicitude de colaboración familiar para o apoio e seguimento das súas fillas e dos seus fillos.
 - Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar á alumna nos lugares e momentos de maior risco (entradas, saídas, corredores, etc.).
 - Decisións relacionadas cos cambios necesarios ou pertinentes na aula (tanto da moza como do mozo), se procede adopción como medida provisional, traslado temporal a outro grupo polo tempo máximo e as garantías previstas na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015, establecemento de regras ou normas, seguimento especializado sobre o grupo, etc.

2. Tramitación do preceptivo expediente corrector de condutas graves contrarias á convivencia, establecido na Lei 4/2011, no Decreto 8/2015 e de acordo cos protocolos, orientacións, modelos e formularios, que poden consultarse en <http://educonvives.gal>
3. Adopción, se procede, de medidas correctoras ao alumno agresor, de acordo coas previstas na normativa de convivencia:
 - Deseño e posta en marcha dun programa socio educativo para o alumno.
 - Participación en programas específicos de reeducación, habilidades sociais, modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos pro sociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión, roles e estereotipos de xénero, novas masculinidades, etc.
 - Perda do dereito de asistencia temporal ou permanente do centro.
4. Contactar cos profesionais dos servizos sociais (traballador/a social e/ou educador/a), tal e como se establece nos protocolos de abordaxe de condutas contrarias á convivencia, que poderán, á súa vez e no marco do seu ordenamento, solicitar a colaboración do CIM, no seu caso.

No suposto de que exista sospeita de que unha alumna está sufrindo violencia de xénero por parte da súa parella (sexa ou non alumno do centro) levaranse a cabo as accións previstas nos protocolos de abordaxe de condutas contrarias á convivencia co obxectivo primordial, tal e como neles se establece, de protexer á presunta vítima e reeducar ao presunto agresor.

Para iso poderanse activar os equipos de mediación escolar (tanto entre iguais como de adultos), así como aqueles procedementos conciliados que fosen procedentes encamiñados a favorecer a convivencia positiva.

Se o presunto agresor non se atopa escolarizado no mesmo centro, a dirección no acto de traslado da incoación do expediente á Inspección educativa, comunicarllo para que tome as medidas oportunas na tramitación do dito expediente dado que implica a dous centros.

Tal e como se establece na normativa, en calquera momento do proceso o alumno e as persoas que teñen a titoría legal poderán asinar un contrato de conduta que suspenderá as medidas correctoras acordadas.

No suposto de que a violencia de xénero se produza no fogar, o departamento de orientación do centro contactará co persoal do centro de información á muller e cos servizos sociais do concello de residencia da alumna ou do alumno que sofre a violencia de xénero, para establecer e determinar unha estratexia conxunta de actuación coordinada que se integrará no plan de intervención individualizado (ver apartado correspondente).

En caso de apreciarse indicios de ilícito penal, a situación será posta inmediatamente en coñecemento do xulgado, departamento de Menores da Xunta de Galicia e/ou Fiscalía de Menores correspondente.

No caso de iniciarse accións pola vía penal, estas prevalecerán sempre sobre a vía civil polo que o centro educativo inhibirase integrando a súa actuación nas previstas polo xulgado e en colaboración con este.

Comunicación formal aos organismos correspondentes

En todo caso a directora ou director do centro trasladará a información ao consello escolar do propio centro para toma de decisións que puidese proceder de cara a previr ou mellorar a actuación en futuras situacións similares, no marco do plan de convivencia, así como, a adopción de medidas extraordinarias relativas á loita contra a violencia de xénero.

Tal e como se establece no procedemento de corrección de condutas gravemente contrarias á convivencia, a dirección do centro realizará o oportuno traslado do expediente no momento, modo e medios previstos na normativa correspondente e no Protocolo de protección de datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Plan de intervención personalizado e individualizado

Consiste en elaborar un documento no que se contemplan as medidas de actuación a levar a cabo coa alumna que sofre a violencia de xénero ou co alumnado que sofre violencia de xénero no fogar.

O documento estará deseñado e elaborado pola persoa titora do alumnado co asesoramento do departamento de orientación e o apoio do equipo directivo.

O alcance do documento, así como das medidas que nel se contemplan, dependerán da situación concreta, que en termos xerais serían:

1. Articulación da derivación, se procede, do alumnado aos servizos sociais comunitarios do territorio, directamente en caso de apreciarse indicios de desprotección ou a través da familia en caso contrario.

Cando o traslado se produza directamente para salvagardar o interese superior da ou do menor, remitiranse os correspondentes informes polos medios previstos no Protocolo de protección de datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. En caso contrario os informes correspondentes derivados da avaliación psicopedagóxica serán entregados á familia que será quen deba trasladalos aos servizos sociais. Dado o presumible carácter dos datos como especialmente protexidos, nunca se facilitarán por teléfono ou por correo electrónico sen cifrar.

2. Nos casos nos que así o estimen os servizos sociais ou de protección da ou do menor, solicitarase cita para unha reunión presencial que permita facer o seguimento da coordinación e facilitar o proceso de toma de decisións.
3. Estratexias e accións para prestar apoio educativo ao alumnado que sofre a violencia de xénero no marco da atención á diversidade establecido no Decreto 229/2011, procurando alcanzar os seguintes obxectivos:
 - Intervención e avaliación psicolóxica con atención especializada.
 - Fortalecer a autoestima, así como a súa capacidade de resiliencia.
 - Converter a aula e o centro nun lugar que lle transmita seguridade e confianza.
 - Facilitar un espazo no que poder manifestar o estado no que se atopa.
 - Ofrecer escoita activa, empatía e proximidade.

4. Responsabilidades e planificación temporal da implantación das accións establecidas no plan de intervención individual. A persoa responsable de garantir o cumprimento e seguimento das accións será, normalmente, a titora ou titor do alumnado, co apoio do departamento de orientación.

Seguimento e avaliación

Unha vez elaborado o plan de intervención e as accións a levar a cabo, a persoa designada como responsable establecerá os fitos de seguimento e control da posta en marcha do plan e cumprimento dos prazos establecidos nel, solicitando información ás persoas implicadas nas diferentes accións.

Ao mesmo tempo levarase a cabo unha avaliación de resultados que permita verificar que existen cambios reais con respecto á situación na que se atopaba a alumna e o agresor, así como determinar a eficacia e pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, programaranse encontros periódicos, especialmente coa alumna que sofre a violencia de xénero.

A dirección do centro responsabilizarase de informar e manter contacto con Inspección educativa, ao obxecto de facilitarlle toda a información que esta poida requirirille.

3. Recomendación a ter en conta ao longo do procedemento

Ao longo dos diferentes procesos que se leven a cabo débense considerar os seguintes aspectos:

- Garantir a protección da alumna.
- Preservar a súa intimidade e actuar confidencialmente coas familias ou responsables legais.
- Actuar de maneira inmediata.
- Xerar un clima de confianza básica.
- Recoller todo tipo de probas e indicadores da agresión.
- Non duplicar intervencións e evitar dilacións innecesarias.

4. Actuación de emerxencia ante unha situación de violencia de xénero (no fogar ou no centro)

No caso de que se detecte unha situación de violencia de xénero que afecte á integridade e seguridade das persoas, con orixe no propio centro ou no fogar, aplicarase un itinerario de urxencia e resposta inmediata:

- Atención médica do alumnado agredido: Deberá contactarse de xeito inmediato co 061 ou 112 para solicitar a asistencia á persoa agredida tendo en conta que **en ningún caso debe o centro trasladar ao alumnado agredido a un centro médico**, tal e como se recolle no Protocolo de atención educativa a urxencias sanitarias e enfermidade crónica entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o SERGAS e a Fundación Urxencias Sanitarias 061.
- Se a situación se produce no centro a unha alumna, contacto inmediato coa familia da mesma, para acompañamento e apoio.
- No caso de tratarse de urxencias médicas contactar preferentemente co 061, nos casos nos que se requira a intervención de forzas e corpos de seguridade, o contacto será co 112 que procederá á súa activación (por motivos de seguridade, para solicitar o correspondente atestado ou realizar a denuncia dos feitos, etc.)
- Contacto co persoal dos servizos sociais comunitarios para solicitar a derivación formal, de ser o caso.

5.1.4 COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Área social

Ante a sospeita da existencia dunha situación de violencia de xénero no fogar por parte do alumnado do centro, a xefatura do departamento de orientación a través do equipo directivo contactará cos servizos sociais correspondentes para solicitar coordinar a atención ao alumnado.

Se a situación de violencia de xénero a sofre directamente unha alumna do centro, contactarase cos servizos sociais para a derivación da alumna e da súa familia, aos servizos de asesoramento psicolóxico e xurídico.

5.2 ÁREA SANITARIA

5.2.1 CONTEXTO

A atención sanitaria das mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero está incluída no artigo 12 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia:

“Dereito das mulleres que sofren ou sufrisen violencia de xénero á atención sanitaria, incluído o dereito á asistencia psicolóxica gratuíta e ao seguimento da evolución do seu estado de saúde, ata o seu total restablecemento. Tratarase, en todo caso, de servizos gratuítos e accesibles con carácter prioritario, que garantan a vida privada e a intimidade das mulleres.”

A actualización legislativa LO 8/2015 de 22 de xullo na disposición derradeira 3ª e correspondentes modificacións da LO 1/2004, con respecto ao recoñecemento de menores como vítimas de violencia de xénero, estende o dereito de atención e asistencia sanitaria ás persoas menores que sofren ou sufriron violencia de xénero.

A muller ou menor que sofre violencia de xénero nalgún momento é moi probable que teña contacto con persoal sanitario motivado por situacións especiais que normalmente agravan o problema (embarazo, parto, posparto, menopausa, etc.) ou por problemas de saúde derivados directamente da situación da violencia de xénero (tanto dende o punto de vista físico, como psicolóxico).

O sistema sanitario actúa, en ocasións, como porta de entrada ao sistema institucional das mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero, polo que a coordinación dentro da propia área sanitaria e co persoal do eido social, xurídico e de seguridade é fundamental para que a resposta interdisciplinaria sexa integral e efectiva.

A intervención e actuación sanitaria en materia de violencia de xénero atópase de forma estandarizada nos seguintes documentos:

- **Procedemento de intervención en saúde** elaborado polo Grupo de Traballo de Violencia de Xénero e Saúde da Consellería de Sanidade no ano 2016.¹
- **Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero** elaborado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade no ano 2012.

1 https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/procedemento_definitivo_para_imprimir.pdf

5.2.2 ALCANCE

A actuación sanitaria canto á violencia de xénero que se describe neste protocolo, implica a todo o persoal sanitario do Sistema público de saúde de Galicia:

- Atención primaria (centros de saúde, puntos de atención continuada (PAC), servizos específicos relativos a programas integrais de atención a grupos específicos e urxencias)
- Atención especializada (hospitais, centros de especialidades, complexos hospitalarios)
- Atención de urxencia
- Atención sociosanitaria
- 061

5.2.3 PROCEDEMENTO

O alcance e características da atención é diferente segundo exista sospeita ou certeza da existencia da situación de violencia de xénero, dado que os protocolos existentes determinan procesos para levar a cabo en cada caso:

- Ante un caso de sospeita, determínase como actuar ante determinados indicadores, antecedentes, comportamento e actitudes da persoa paciente.
- Ante unha situación constatada de violencia de xénero, establécense niveis de actuación segundo o risco existente, contemplando a atención en urxencia e o procedemento concreto en caso de violencia sexual.

1. Atención sanitaria e valoración da saúde da muller e menores

En primeiro lugar procederase a atender a muller e menor ao tempo que se analiza e diagnostica o seu estado de saúde dende un punto de vista integral: físico e psicolóxico, para que o proceso de identificación e valoración sexa o máis completo posible.

Procurarase obter toda a información posible por parte da muller e/ou menor creando un ambiente de confianza, mantendo unha actitude de empatía, garantindo a súa seguridade e informando da atención de forma totalmente confidencial (atendendo á idade e grao de exposición da ou do menor).

Procederase a recompilar na historia clínica toda a información recompilada a través da conversa mantida coa muller ou menor, co maior grao de detalle posible (frases literais, relato achegado, acontecementos descritos, situación persoal).

A historia clínica é un rexistro de datos que facilita a coordinación achegando información concreta sobre antecedentes, evolución da sintomatoloxía, situación familiar, laboral, etc.

Trátase dun documento moi importante para evitar que outros profesionais, aos que posteriormente se derive á muller ou menor, lle realicen as mesmas preguntas, sempre que exista a posibilidade de compartilo, previo consentimento da muller (*Anexo 1. Consentimento informado e autorización para compartir información*).

Recollerase tamén na historia clínica a descrición de todas as probas e exploracións realizadas.

2. Casos de agresión sexual

Cando exista agresión sexual ou sospeita dela, o persoal sanitario deberá comunicarlle á muller a necesidade de acudir aos servizos especializados de xinecoloxía do hospital máis próximo.

A muller será trasladada directamente na ambulancia do centro de saúde (atendendo a que se trata dunha situación de urxencia), ou no seu defecto contactarase coa Axencia Galega de Emerxencias a través do 112 ou o 061.

O persoal sanitario do hospital deberá contactar telefonicamente co xulgado de violencia de xénero ou co xulgado de garda correspondente para solicitar a asistencia do persoal médico forense do IMELGA e posteriormente remitir o seu Informe ao xulgado competente.

Seguiranse as indicacións establecidas no *Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero 2012*, concretamente ás indicacións que se detallan na *táboa 11. Actuación sanitaria en caso de agresións sexuais* (páxinas 68, 69 e 70 do devandito documento).



Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero 2012.

https://www.msssi.gob.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/pdf/equidad/ProtComActSan_2012.pdf

3. Importancia do parte de lesións

Unha vez que o persoal sanitario confirma a situación de violencia de xénero, deberá cubrirse o parte de lesións, de xeito consensuado coa muller, explicándolle que se trata dunha obriga legal e informándoa do deber que ten como profesional sanitario de comunicar por escrito esa situación ao xulgado de violencia de xénero ou ao xulgado de garda máis próximo.

Esta decisión debería contar coa aceptación da muller, verificando o risco que poida supoñer para ela esta comunicación.

O parte de lesións é fundamental para a muller ou menor que se atopa en situación de violencia de xénero, xa que pode ser un documento complementario clave no momento de formalizar a denuncia.

Realizaranse dúas copias do parte de lesións, ademais da rexistrada no sistema informático IANUS, unha para o xulgado de garda e outra para entregar á muller. Esta última, sempre e cando a muller non acuda acompañada da persoa agresora e asegurando que non supoña un risco para ela (promoverase a atención individualizada, onde se informe de xeito verbal a remisión ao xulgado do parte de lesións).

Aínda que o parte de lesións non é unha denuncia propiamente dita, unha vez que ten entrada nunha oficina xudicial segue o mesmo procedemento que cando se presenta denuncia por violencia de xénero, polo que é preciso comunicarlle á muller as consecuencias que ten a remisión do parte de lesións ao xulgado.

Iniciado o procedemento xudicial, a parte denunciada (o seu agresor) terá acceso á totalidade da información remitida (a través do avogado ou avogada), feito que deberá poñerse en coñecemento da muller.

As recomendacións concretas para cubrir o parte de lesións, xunto co itinerario que segue, están descritos nas páxinas 83 a 89 do *Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero 2012*.



Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero 2012.

https://www.msssi.gob.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/pdf/equidad/ProtComActSan_2012.pdf



Lémbrese, en todo caso:

- Cando se produza violencia física resultará de gran axuda **acompañar de fotografías, sempre con consentimento da muller, o parte de lesións**, coas correspondentes marcas nos debuxos dos lugares do corpo que presentan hematomas, mazaduras ou calquera outra marca relacionada coa agresión.
- A importancia de **recoller no parte de lesións os aspectos relativos á violencia psicolóxica**.
- **Delimitar o contido do parte de lesións ao estreitamente relacionado coa situación de violencia de xénero**, sen necesidade de que se especifiquen antecedentes ou análises clínicas que non estean relacionados coa violencia de xénero sufrida pola muller e que non achegue información de valor ao persoal profesional que intervirá no caso.
- **A obriga de denunciar a existencia de violencia de xénero por parte do persoal sanitario**.

4. Coordinación interna entre os distintos niveis da área sanitaria

Se a muller ou menor require ingreso hospitalario e acode ao centro de saúde de atención primaria, o persoal sanitario contactará directamente co 061 e acompañará á muller ou menor ata que sexa atendida polo persoal sanitario do servizo de urxencias do hospital.

Solicitarase a derivación á Unidade de traballo social do Sergas.

Inclúese neste protocolo o Anexo 2 de derivación entre áreas e recursos, que deberá ser asinado pola muller e remitirse ao servizo correspondente.

Se non require ingreso hospitalario, a intervención sanitaria contemplará a actuación de profesionais sanitarios de áreas especializadas como pode ser psicoloxía, psiquiatría, obstetricia, etc. Faranse dende o centro de saúde as xestións oportunas para dita derivación.

No caso de que existan menores solicitarase a intervención sanitaria do persoal de pediatría, para atención, valoración e seguimento do estado no que se atopan e para que valoren a posible derivación ao servizo de saúde mental.

Igualmente, solicitarase intervención dos servizos sociais especializados ou, no seu defecto, do Programa de atención familiar para establecer o recurso de aloxamento e garda temporal das persoas menores a cargo.

Os servizos sanitarios de Galicia están recoñecidos pola *Lei 11/2007 do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero* como entidades que poden acreditar a condición de vítima de violencia de xénero da muller que a sofre, a través da realización dun informe médico sanitario no que se detallan as evidencias desa violencia.

O persoal sanitario do centro de saúde será o responsable de analizar a evolución do estado de saúde da muller ou do menor, así como de valorar a aparición de novas sintomatoloxías ou problemas de saúde, que requiran a derivación a outros servizos.

Tamén deberá manter actualizada a historia clínica da muller ou menor coa descrición detallada de evidencias posteriores, indicadores de sospeita, etc.

5.2.4 COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Área xurídica

Actuación de oficio por parte da Fiscalía unha vez recibido o informe médico

Se o persoal sanitario ten sospeitas fundadas da existencia dunha situación de violencia de xénero que supón un risco para a integridade física ou psicolóxica da muller ou do menor, debe informar á Fiscalía correspondente segundo o territorio.

A Fiscalía iniciará unha investigación e solicitará outros informes necesarios por se procede denunciar os feitos, podendo solicitar ao xulgado medidas preventivas ou de protección.

Área social

Valoración do risco social e resposta a necesidades básicas

O persoal sanitario derivará á muller ou menores ao servizo de traballo social do centro de saúde. Cando non exista ese servizo, derivarase ao centro de información á muller (CIM) máis próximo, aos servizos sociais comunitarios ou ao Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI), en Santiago.

Esta derivación é fundamental para facilitar toda a información de carácter social que permita acceder aos recursos específicos destinados a atender a súa situación de violencia de xénero: atención psicolóxica, social, xurídica, etc. (Ver apartado Área social).

Aos efectos de mellorar a coordinación entre as diferentes áreas que interveñen nun caso de violencia, inclúese neste protocolo o *Anexo 2 de derivación entre áreas e recursos*, que deberá ser asinado pola muller e remitirse ao servizo correspondente.

Ao mesmo tempo, o centro de información á muller ou servizos sociais comunitarios deberán trasladar a información que consideren oportuna ao servizo sanitario que realiza a derivación, establecendo así unha comunicación e coordinación que permita analizar a evolución da situación e o estado no que se atopa a muller (e os menores, de ser o caso).

Non obstante, o intercambio de información e documentación, requirirá autorización e consentimento expreso por parte da muller. Inclúese neste protocolo o *Anexo 1. Modelo de consentimento informado e autorización para compartir información*.

Área de forzas e corpos de seguridade

Garantir a seguridade e integridade da muller e menores

Se a muller ou menor acode acompañada das forzas e corpos de seguridade ao servizo sanitario non será precisa a identificación do risco existente.

De non ser así, o persoal sanitario valorará o risco atendendo a:

- Existencia de violencia física, sexual e psicolóxica
- Escalada, repetición e incremento
- Situación sociofamiliar
- Resultado da abordaxe psicosocial
- Existencia de ameazas por parte do agresor
- Actitude do agresor e características do seu historial clínico, susceptibles de achegar información ou xerar indicadores de alarma

Elaborarase, dende o aspecto sanitario, un plan de emerxencia e seguridade (autoprotección) que permita que a muller teña a información necesaria para facilitar o proceso de toma de decisión que require a situación na que se atope:

- Recomendacións para actuar ante o perigo
- Recursos públicos dispoñibles para a saída desa situación
- Documentación mínima necesaria en caso de urxencia
- Residencia alternativa

No caso de detectarse unha situación de risco inminente ou grave para a muller, menores ou persoas dependentes, contactarase directamente coas forzas e corpos de seguridade para solicitar o acompañamento de persoal especializado no propio centro de saúde ou hospital, ou para calquera outra actuación que se estime precisa.

Interposición de denuncia

O persoal sanitario informará á muller da importancia de interpoñer unha denuncia e preguntarlle se quere facelo.

No caso de que a muller decida interpoñer denuncia será derivada á Comisaría do Corpo Nacional de Policía, á UFAM (Unidade de Familia e Muller) ou á oficina do EMUME (Equipos Muller-Menor) ou ao posto da Garda Civil máis próximo.

Seguimento

Se a muller decide non interpoñer denuncia, comprobarase se existe unha situación de desamparo ou desprotección de menores ou persoas dependentes a cargo da muller e, de ser o caso, procederáse a contactar directamente con pediatría para solicitar a intervención dos servizos sociais municipais, especializados ou comunitarios, de forma escrita e a través de medios telemáticos.

Así mesmo, a situación de desamparo de menores deberá ser comunicada de forma inmediata e obrigatoria á Fiscalía de Menores correspondente.

5.3 ÁREA DE FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

5.3.1 CONTEXTO

As forzas e corpos de seguridade contan con persoal e unidades especializadas na atención e protección das mulleres e menores que sofren violencia de xénero.

A Garda Civil conta con unidades especializadas na loita contra a violencia de xénero denominadas equipos de muller e menores (EMUME), se ben a responsabilidade da atención e protección da muller que sofre violencia de xénero recae en todos os postos e unidades territoriais, xa que teñen competencias na materia.

Na Policía Nacional existe unha unidade especializada na loita contra a violencia de xénero, a Unidade de Familia e Muller (UFAM), que integra a investigación relativa á loita contra a violencia de xénero e a protección das mulleres e menores que sofren violencia de xénero.

Na actualidade, tanto a Policía Autonómica como a Policía Local asumen algunhas funcións específicas de acompañamento, atención e protección inicial, dilixencias previas, etc., de forma complementaria á actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado.

A actuación das forzas e corpos de seguridade para a loita contra a violencia de xénero atópase documentada e estandarizada nos seguintes documentos:

- *Protocolo de actuación das forzas e corpos de seguridade e de coordinación cos órganos xudiciais para a protección da violencia doméstica e de xénero* aprobado o 10 de xuño de 2004 pola Comisión de seguimento da implantación da orde de protección das vítimas de violencia doméstica, e actualizado por Acordo de 28 de xuño de 2005 da Comisión nacional para a implantación dos xulgados de violencia sobre a muller.

Este documento establece de forma detallada os pasos a seguir por parte das forzas e corpos de seguridade para a asistencia e protección integral das mulleres que sofren violencia de xénero. Prevé a comunicación con colexios de avogados/as, servizos sociais, servizos sanitarios, etc. así como a coordinación cos xulgados e Ministerio Fiscal.

- *Protocolo de colaboración e coordinación entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e os corpos de Policía Local para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero*, suscrito polo Ministerio do Interior e a Federación Española de Municipios e Provincias o 13 de marzo de 2006.
- *Protocolo para a implantación da orde de protección* elaborado e aprobado pola Comisión de seguimento da implantación da orde de protección, constituída o día 22 de xullo de 2003.

- *Protocolo de actuación e coordinación de forzas e corpos de seguridade do Estado e avogados ante a violencia de xénero, regulada na Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, aprobado polo Comité técnico da Comisión nacional de coordinación da Policía xudicial o 3 de xullo de 2007.*
- *Protocolo de actuación do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas e penas de afastamento en materia de violencia de xénero, aprobado por Acordo entre o Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado do 13 de outubro de 2013.*
- *Instrución nº 10/2007, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se aproba o Protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia contra a muller nos supostos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, e a súa comunicación aos órganos xudiciais e ao Ministerio Fiscal.*
- *Instrución nº 7/2016, do 8 de xullo de 2016, da Secretaria de Estado de Seguridade, pola que se establece un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero e de xestión da seguridade das vítimas.*
- *Instrución nº 14/2005, da Secretaría de Estado de Seguridade, sobre actuación de dependencias policiais en relación con mulleres estranxeiras vítimas de violencia doméstica ou de xénero en situación administrativa irregular.*
- *Protocolo entre a Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza) e o Ministerio do Interior en materia de violencia de xénero para a coordinación de actuacións e a cooperación entre a Xefatura Superior de Policía de Galicia e a Unidade do CNP Adscrita á Comunidade Autónoma, asinado en outubro de 2015.*

5.3.2 ALCANCE

A actuación que se describe neste procedemento para a atención e protección das mulleres e menores que sofren violencia de xénero aplicarase a todos os niveis das forzas e corpos de seguridade (estatal, autonómico e local), incluíndo as unidades especializadas.

Non se contemplan accións vinculantes máis alá das descritas nos protocolos existentes, agora ben, recóllense recomendacións concretas destinadas a mellorar a actuación integral, así como a coordinación entre áreas que interveñen na loita contra a violencia de xénero.

5.3.3 PROCEDEMENTO

1. Actuación e intervención policial ante casos de violencia de xénero

As forzas e corpos de seguridade do Estado adoitan ter coñecemento dunha situación de violencia de xénero, ben porque asisten ao lugar dos feitos ou ben porque a muller que a sofre acode ás dependencias policiais a presentar unha denuncia.

Naqueles casos nos que a intervención se realiza no domicilio ou lugar no que se producen os feitos, logo de adoptar as medidas de seguridade oportunas, procederase á inspección do lugar, custodia das posibles probas, realización de fotografías, análise de antecedente e denuncias previas e investigación do feito entre as posibles testemuñas.

Ao mesmo tempo, levarase a cabo a intervención sobre o agresor: observación do seu comportamento, actitudes e comentarios que realice, control e calquera outra medida adecuada para garantir a seguridade da muller e menores, etc.

Se a intervención se realiza no domicilio ou lugar no que se producen os feitos, e no relativo ao proceso de toma de declaración á muller, recoméndase preguntarlle se vai interpor denuncia. En todo caso, será necesario recompilar a máxima información posible, sempre tendo en conta que en caso de denuncia, xa se poderá posteriormente ampliar a información e detalle dos feitos.

Aconséllase, de ser posible, recoller a denuncia e elaborar o atestado nas dependencias policiais, ofrecéndolle á muller, para estes efectos, o acompañamento ás dependencias policiais, para que sexa atendida polo equipo de atención especializada, e posteriormente será trasladada de novo ao domicilio, se así se require e/ou se aconsella. Este acompañamento levarase a cabo sempre e cando os axentes actuantes o consideren convinte, unha vez valorada a gravidade e as circunstancias de cada caso.

Se a muller decide non interpor denuncia, actuarase de oficio comunicando os feitos ao xulgado de violencia de xénero competente e á Fiscalía, e remitindo o atestado, así como o resto de documentos que forman parte das dilixencias previas. A muller deberá ser informada de todo o procedemento, así como dos efectos do mesmo.

Tanto na intervención no lugar dos feitos como cando a muller que sofre unha situación de violencia de xénero acode ás dependencias policiais a presentar a denuncia, logo de asegurar a súa integridade, debe darse prioridade ao seu estado de saúde, tanto físico como emocional, por se fose necesaria atención médica e psicolóxica.

De ser o caso, pódese solicitar unha unidade móbil ou acompañar á muller directamente ao centro de saúde, PAC, ou hospital, tendo en contra a proximidade dos servizos sanitarios, así como a gravidade e atención especializada ou urxente que precise.

Dado que a muller acode derivada por parte das forzas e corpos de seguridade, que posteriormente lle tomarán declaración, deberá indicarse ao persoal sanitario que evite realizar ningún tipo de entrevista ou investigación concreta sobre o feito, recompilando no Informe médico toda a información achegada voluntariamente por parte da muller e co maior grao de detalle posible, xa que formará parte das dilixencias policiais.

De tratarse dunha agresión sexual, farase o traslado inmediato ao servizo hospitalario de urxencias para a súa atención especializada por profesionais da área xinecolóxica, solicitando simultaneamente a atención forense que permita realizar a avaliación nun único acto para evitar a *revitimización* da muller.

Existencia de menores ou persoas dependentes a cargo da muller

Se existen menores ou persoas dependentes, localizárase a familiares, amizades ou veciñanza que, por indicación da propia muller, se consideren axeitados para facerse cargo.

Aínda existindo unha persoa achegada que poida asumir este coidado e atención puntual tanto de menores como de persoas dependentes, solicitarase a intervención da psicóloga dos servizos sociais especializados ou, no seu defecto, da traballadora social ou educadora familiar do Concello.

Ante a imposibilidade de contactar cos servizos sociais tanto especializados como comunitarios, por atoparse fora de horario de atención, solicitarase axuda no 112, co gallo de mobilizar recursos municipais.

Ante a constatación ou sospeita da existencia dunha situación de desamparo, contactarase cos servizos de menores da Xunta de Galicia, para informar á autoridade xudicial e ao Ministerio Fiscal.

Considéranse indicadores de desamparo, desprotección ou vulnerabilidade:

- Violencia por parte do agresor exercida sobre menores e persoas dependentes
- Descoido físico e emocional de menores e persoas dependentes
- Desorde, sucidade e abandono nas estancias do fogar
- Inexistencia de persoas achegadas para acompañamento e apoio
- Necesidades físicas, sociais e afectivas observadas en menores e persoas dependentes

Muller estranxeira en situación irregular

No caso de que a muller en situación de violencia de xénero fose estranxeira e atendendo a súa situación de dobre vulnerabilidade, preguntáraselle pola existencia dunha persoa de confianza no seu círculo e contactarase coa mesma para solicitar o acompañamento.

Se a muller se atopa en situación irregular en España, informaráselle sobre a normativa vixente en materia de dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e, concretamente da suspensión, no seu caso, do expediente administrativo sancionador por situación irregular ata a resolución do procedemento penal, e da posibilidade de solicitar unha autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais a partir do momento que se dita ao seu favor unha orde de protección, ou no seu defecto, cun informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero.

2. Interposición da denuncia

Antes da recollida da denuncia ou da declaración da muller que sofre violencia de xénero, informaráselle de maneira clara do **seu dereito a solicitar asistencia xurídica gratuíta especializada, con independencia dos recursos económicos, ou a designar unha avogada ou avogado da súa elección e da conveniencia de facelo**. Este ofrecemento é moi importante para que o caso prospere axeitadamente.

No caso de que a muller solicite a asistencia xurídica gratuíta contactarase co colexio de avogados/as que corresponda para solicitar a presenza de avogada ou avogado especializado da quenda de oficio de violencia de xénero.

De producirse demoras que dificulten o proceso de interposición de denuncia, comunicaráselle a incidencia ao colexio de avogados/as correspondente, aos efectos de corrixir desaxustes e non producir prexuízo á muller en situación de violencia de xénero.

Só unha vez que a muller teña a asistencia xurídica solicitada, e tras reunirse de forma presencial coa súa avogada ou avogado, iniciárase a toma de declaración e o proceso de denuncia propiamente dita.

A recepción da denuncia realizarase nun espazo que sexa apropiado para garantir o maior grao de intimidade da muller, evitando en todo momento a coincidencia ou contacto visual co agresor.

Debe terse en conta a situación emocional da muller, permitíndolle que relate os feitos sen ser interrompida e procurando que a declaración sexa o máis detallada posible, xa que a información achegada na declaración é fundamental para a valoración do risco e para que o caso teña maiores posibilidades de prosperar, sobre todo se non existen outros medios de proba.

Elaborarase o atestado policial coa declaración exhaustiva da muller, indicando se se aprecian lesións, achegando, de ser o caso, o parte de lesións, e recompilando toda a documentación e informes que sexa posible (médicos, psicolóxicos, servizos sociais, servizos especializados, etc.) contemplando a posibilidade de solicitalos por vía telemática ás institucións ou entidades correspondentes.

Se o feito se produce fóra do horario de traballo de determinadas institucións coas que se require colaboración, contactarase a través de correo electrónico, de ser posible, e posteriormente achegárase aquela documentación complementaria ao atestado.

Asesoramento, información e acompañamento á muller ou menores

Informarase á muller sobre os seus dereitos, así como dos recursos existentes.

Facilitaráselle información xeral sobre os seus dereitos así como dos recursos existentes á súa disposición: atención psicolóxica, servizos de información e atención especializada, etc.

Ademais, entregaráselle a Acta de información de dereitos á persoa vítima dun delito, recollida na Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, e a Acta de información á vítima de violencia de xénero, dos dereitos que ten recoñecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Neste último documento recóllese entre outros, o dereito á información, a asistencia xurídica, a asistencia social integral, dereitos laborais e de seguridade social, de percepción de axudas sociais, etc.

Lembraráselle o dereito de estar acompañada en todo momento pola persoa que ela designe, dereito recollido no artigo 4c) do Estatuto da vítima.

No caso de que desexe ou precise abandonar o domicilio pola situación de risco, ofreceráselle a posibilidade de acompañala ao seu domicilio a recoller os efectos persoais necesarios, sempre que o agresor non se atope detido. Nese caso, se a muller debe ser trasladada a un centro de acollida ou ao Centro de Recuperación Integral, procederase segundo o recollido no *Protocolo para o acceso á Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero*, realizando a derivación oportuna e trasladando á muller e aos seus fillos e fillas se é o caso, ao centro asignado.



Protocolo para o acceso á Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero.

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/rede-galega-de-acollemento>

3. Valoración policial do risco (VPR) e medidas de protección

Para a valoración policial do risco, as forzas e corpos de seguridade seguirán a *Instrución 7/2016, do 8 de xullo de 2016, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se establece un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero e de xestión da seguridade das vítimas*.

A ferramenta informática utilizada é o Sistema de seguimento integral para as vítimas de violencia de xénero e a evolución do risco (SSIVG) ou VIOGEN e formulario VPR (valoración policial do nivel de risco).

Estableceranse as medidas de protección preventivas que se consideren necesarias segundo o nivel de risco existente, mentres non se determinen por parte do xulgado as medidas de protección cautelares.

Informarase á muller sobre a posibilidade de solicitar unha orde de protección (e outras medidas de protección ou seguridade), dando conta do seu contido, tramitación e efectos.

De ser o caso, facilitaráselle o modelo normalizado que permite solicitar a orde de protección e prestarase a axuda que requira para cumprimentar a solicitude.

Na medida do posible terase en conta o disposto no *Protocolo para a implantación da orde de protección das vítimas de violencia doméstica*, elaborado e aprobado pola Comisión de seguimento da implantación da orde de protección, constituída o día 22 de xullo de 2003.

Esta solicitude será remitida ao xulgado de forma telemática, sempre que sexa posible, e inmediata.

4. Policía Autonómica e Policía Local

Ademais da Garda Civil e da Policía Nacional, cómpre sinalar tamén o papel da Policía Autonómica e das Policías locais: En canto á Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, nomeada UPA, existen nas comisarías respectivas as **Unidades de Prevención, Asistencia e Protección ás vítimas de violencia de xénero (UPAP'S)**, con funcións similares ás das "Unidades de Familia e Muller" (UFAM- Protección) das comisarías.

Cando a UPA ten coñecemento dalgún suceso relacionado con violencia de xénero, en colaboración co Corpo Nacional de Policía, acudirá ao lugar dos feitos para realizar a atención singularizada á muller, informándoa con detalle sobre procedementos legais, institucións de apoio e asesoramento, trámites, denuncia, medidas legais, etc.

Se fora preciso acompañarán tamén á muller a un centro asistencial, e trasladarana á comaría para a formulación da correspondente denuncia e a conseguinte valoración de risco.

Recolleranse tamén os datos sobre o agresor e a posta en marcha das medidas de seguridade oportunas.

No referente á Policía Local, a actuación deberá axustarse ao establecido no *Protocolo de colaboración e coordinación entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e os corpos de Policía Local para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero*, suscrito polo Ministerio do Interior e a Federación Española de Municipios e Provincias o 13 de marzo de 2006.

En todo caso, a través da Xunta Local de Seguridade e das súas Mesas de coordinación de violencia de xénero, no caso de existir, concretaranse as responsabilidades e tarefas a desenvolver para actuar de forma complementaria, a nivel asistencial ou de oficio nunha primeira dilixencia, normalmente derivada dun contacto telefónico. Así pois, procederase ao traslado inmediato ao lugar no que se produce o feito e unha vez alí, levaranse a cabo as actuacións necesarias para estabilizar a situación e atender á muller e menores mentres se produce a derivación aos corpos especializados máis próximos (Policía Nacional ou Garda Civil).

Recoméndase mostrar unha actitude o máis próxima posible que sexa capaz de xerar confianza e seguridade.

Escoitar activamente á muller evitando interrupcións, sen cuestionar os feitos nin realizar xuízos de valor.

5.3.4 COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Área social

As persoas profesionais das forzas e corpos de seguridade (FFCCSS) informarán á muller da posibilidade de dirixirse aos servizos sociais especializados, concretamente ao centro de información á muller (CIM) máis próximo, ou aos servizos sociais comunitarios, no seu defecto, en caso de que non exista CIM na zona na que resida a muller.

Se a muller amosara a súa disposición a acudir a calquera destes servizos, as forzas e corpos de seguridade poden poñerse en contacto directo co CIM ou cos servizos sociais para indicarlle a situación e coordinarse para iniciar os labores de apoio social.

Establecerase comunicación por medios telemáticos, especialmente correo electrónico, entre FFCCSS e CIM (ou no seu defecto servizos sociais municipais), para mellorar a coordinación e actualizar a información existente.

- Actualización da información existente por parte das FFCCSS ao CIM sobre situación de risco, en caso de que sexa posible.
- Cambios no ámbito familiar que deban ser comunicados dende CIM a FFCCSS, por se pode afectar á Valoración Policial do Risco.
- Entre ambos compartir información sobre a situación do agresor de cara a facilitar e garantir maior protección da vítima.

Área xurídica

A coordinación co ámbito xudicial baséase principalmente no disposto nos distintos protocolos e instrucións elaborados ao respecto.

Esta coordinación ten como obxectivo principal a seguridade da muller.

As FFCCSS deben remitir os atestados e solicitudes de ordes de protección ou doutras medidas de protección ao xulgado correspondente, así como a valoración do risco, e calquera información posterior relacionada co caso e que poida ter incidencia no mesmo.

Tamén deben manter **informada permanentemente á Autoridade Xudicial e ao Ministerio Fiscal sobre a evolución da valoración do risco e sobre calquera incidencia producida ao respecto** que poida afectar ás medidas de protección ditadas, e especialmente á seguridade da vítima.

Por outra banda as FFCCSS deben recibir dos xulgados de violencia sobre a muller as comunicacións das resolucións que supoñan a adopción dunha orde de protección ou de calquera outra medida de protección, así como o seu levantamento ou modificación, para os efectos de velar polo seu cumprimento e protección.

O seguimento das medidas de protección establecidas na resolución xudicial realizarase tendo en conta o *Protocolo de actuación do sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas e penas de afastamento en materia de violencia de xénero*, así como, no *Protocolo de actuación das forzas e corpos de seguridade e de coordinación cos órganos xudiciais para a protección da violencia doméstica e de xénero*.

Unha vez que existe unha resolución xudicial coas medidas de protección para a muller que sofre violencia de xénero, séguese o procedemento que recolle a *Instrución 7/2016, do 8 de xullo de 2016, da Secretaria de Estado de Seguridade, pola que se establece un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero e de xestión da seguridade das vítimas*.

O funcionamento do sistema de seguimento esixe o establecemento dunha relación de empatía coa muller que sofre violencia de xénero que permita a detección de indicios sobre o incremento do risco.

Área sanitaria

Se a muller require de atención médica, tanto dende o punto de vista físico como psicolóxico, o persoal das FFCCSS solicitará unha ambulancia, a través do 061 ou poñéndose en contacto directamente co centro médico máis próximo.

Acompañarase á muller para garantir a súa integridade física e unha vez estabilizada procederase coas accións descritas anteriormente.



O parte de lesións é un rexistro moi importante que resultará complementario ao atestado policial e que formará parte da interposición da denuncia.

5.4 ÁREA XURÍDICA

5.4.1 CONTEXTO

A actuación xurídico-legal en materia de violencia de xénero ten un gran alcance que non se limita unicamente ao proceso xudicial, senón que existe tamén un proceso de asesoramento e asistencia xurídica especializado con carácter previo e posterior ao mesmo.

O proceso xudicial é un aspecto decisivo na loita contra a violencia de xénero como garante da protección e seguridade efectiva da muller (a través da tramitación da orde de protección, establecemento de medidas cautelares, etc).

Ao mesmo tempo, a propia orde de protección ou resolución xudicial facilita o acceso ás medidas de asistencia e protección social garantidas no ordenamento xurídico (a nivel estatal, autonómico e local), e supón un punto de partida para saír desa situación de violencia de xénero.

Unha das características da área xurídica é a esixencia de comunicación e coordinación coas forzas e corpos de seguridade, motivo polo que se comparten algúns dos protocolos sinalados para este ámbito no apartado 5.3. *Forzas e corpos de seguridade do Estado*.

Recóllese a continuación a referencia a protocolos ou guías de actuación específicas para o ámbito xurídico:

- *Protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia contra a muller nos supostos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, e a súa comunicación aos órganos xudiciais e ao Ministerio Fiscal* aprobado pola Instrución 10/2007 da Secretaría de Estado.
- *Guía de criterios de actuación xudicial*, elaborada polo CGPJ (Consello Xeral do Poder Xudicial).
- *Circular 3/2003 do 30 de decembro da Fiscalía Xeral do Estado sobre cuestións relacionadas coa orde de protección*.
- *Instrución 2/2005 do 2 de marzo da Fiscalía Xeral do Estado sobre a acreditación polo Ministerio Fiscal das situacións de violencia de xénero*.
- *Circular 4/2005, do 18 de xullo da Fiscalía Xeral do Estado relativa aos criterios de aplicación da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*.
- *Guía de boas práctica do avogado/a da muller vítima da violencia de xénero*, elaborada pola Subcomisión de violencia sobre a muller do CGAE (Consello Xeral de Avogacía Española).

5.4.2 ALCANCE

A actuación no eido xurídico que se describe neste protocolo aplicarase á rede de recursos especializados de primeiro e segundo nivel:

1. Xulgado
2. Fiscalía
3. Imelga
4. Colexios de avogados/as
5. Oficinas de asistencia ás vítimas do delito

5.4.3 PROCEDEMENTO

1. Xulgado

O proceso xudicial pode iniciarse no xulgado de garda, de violencia de xénero ou no de instrución con competencias en materia de violencia de xénero por varias vías:

- sempre que exista un atestado policial como resultado da denuncia interposta en dependencias policiais (por parte da muller que sofre violencia de xénero ou de calquera outra persoa), ou como consecuencia da actuación de oficio por parte das forzas e corpos de seguridade;
- en caso de denuncia da existencia de violencia de xénero directamente no xulgado, ben por parte da muller, do seu círculo ou de servizos sociais;
- cando se solicita orde de protección, segundo modelo normalizado;
- se existe parte de lesións remitido ao xulgado dende os servizos sanitarios;
- ante a denuncia iniciada pola Fiscalía.



A propia Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, reconece o **dereito da muller a estar acompañada pola persoa que ela designe, dende o primeiro contacto con autoridades e funcionarios/as e ao longo de todo o proceso xudicial** (diligencias previas, xuízo, etc.)

Comparecencia da orde de protección

No momento en que a muller que sofre violencia de xénero solicita unha orde de protección, ben no xulgado ben en dependencias policiais, ofreceráselle asistencia xurídica gratuíta a través da quenda de oficio especializada.

Unha vez formalizada a solicitude de orde de protección, o xulgado convocará a unha audiencia urgente (nun prazo máximo de 72 horas) á muller que sofre violencia de xénero, á persoa investigada, ás avogadas ou avogados de ambas partes e á Fiscalía.

Previamente á toma de declaración garantirase que a muller poida manter comunicación coa súa avogada ou avogado, dispoñendo do tempo mínimo necesario que lle permita expoñer ante á súa avogada ou avogado, antecedentes, feitos, situación actual, dúbidas, etc.²

Se se adopta unha orde de protección, dende o xulgado comunicárase e notificárase a dita orde de forma inmediata á muller, á persoa presuntamente agresora e ás institucións públicas que interveñen na mesma ou que forman parte dalgún tipo de rexistro, prioritariamente:

- ás forzas e corpos de seguridade do Estado, na medida en que son as responsables da posta en marcha, control e seguimento das medidas de seguridade;
- ao Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica (Siraj), inscribindo o xulgado a orde de protección ou medida cautelar no devandito rexistro e acompañando copia da inscrición ao resto de institucións;
- ao Punto de coordinación das ordes de protección (PCOP), dependente da Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, a través do Punto neutro xudicial;
- ao Punto de encontro familiar, naqueles casos nos que se estableza réxime de visitas coa presenza das FFCCSS;

A orde de protección esixe **informar permanentemente á muller sobre a situación procesual da persoa agresora e particularmente da situación penitenciaria.**



A Lei 4/2015 do 27 de abril, establece no Artigo 7 o **dereito da muller a recibir notificacións de todas as resolucións vinculadas ao proceso**, sempre e cando exista unha solicitude na que se facilite a conta de correo electrónico ou, no seu defecto, dirección postal.

Isto deberá ser sempre así, salvo naqueles casos nos que a muller manifeste o seu desexo de non recibir ditas notificacións ou salvo que iso puidese prexudicar o correcto desenvolvemento da causa.

É, polo tanto, moi importante que a avogada ou avogado informe á muller desta posibilidade pres-tando o apoio necesario na realización das solicitudes que requira.

² Artigo 6 Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de Asistencia xurídica gratuíta: Cando se trate de vítimas de violencia de xénero, (..), a asistencia xurídica gratuíta comprenderá asesoramento e orientación gratuítos no momento inmediatamente previo á interposición de denuncia ou querrela.

Audiencia sobre a situación persoal da persoa presuntamente agresora

Naqueles casos nos que existe intervención das forzas e corpos de seguridade do Estado coa detención da persoa investigada (con independencia de que sexa unha intervención de oficio ou motivada por unha denuncia), unha das primeiras actuacións xudiciais será a declaración da persoa presuntamente agresora para que a xuíza ou xuíz decida sobre a súa posta en liberdade ou non.

Aínda cando non existe unha solicitude previa de orde de protección por parte da muller que sofre violencia de xénero, a lexislación permite que a xuíza ou xuíz determine de oficio, as medidas penais e civís que estime necesarias para garantir a protección e seguridade, tanto da muller como das ou dos menores se fora o caso.

En todo caso, o xulgado pode solicitar os informes correspondentes aos servizos sociais, sanitarios ou forenses, co obxecto de dispoñer de toda a información posible sobre a situación de violencia existente así como a valoración dinámica da mesma.

Declaración da muller

A actitude do persoal do xulgado coa muller deberá ser o máis próxima posible, evitando prexuízos, estereotipos e “revitimización” secundaria, especialmente á súa chegada, na toma de declaración e ao longo da súa permanencia na sala.

Tanto na fase de instrución como no xuízo oral, garantirase que a muller conte con asistencia letrada, ofrecendo no seu defecto a asistencia xurídica gratuíta, e facilitando a comunicación e contacto previo entre a muller e a súa avogada ou avogado, polo menos media hora antes de prestar declaración como prexudicada.

Así mesmo, recoméndase evitar a reiteración sobre aqueles feitos xa probados, así como unificar as declaracións posibilitando a ratificación da denuncia por parte da muller (sen prexuízo de integrar a declaración xudicial cos datos necesarios para a cualificación do delito, a adopción de orde de protección ou medidas cautelares, etc.)



A propia Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, reconece o **dereito da muller a estar acompañada pola persoa que ela designe, dende o primeiro contacto con autoridades e funcionarios/as e ao longo de todo o proceso xudicial** (diligencias previas, xuízo, etc.)

Habilitación de espazos

Ao longo do proceso xudicial, procurarase dispoñer dun entorno o máis apropiado posible durante a espera da muller, para a comunicación coa súa avogada ou avogado, así como para garantir a súa integridade física e seguridade, informando desta posibilidade á propia muller.

Utilizaranse as ferramentas que sexan necesarias para permitir que a muller **poida permanecer na sala sen manter contacto físico nin visual co seu agresor.**

2. Fiscalía

Actuación de oficio

A Fiscalía intervirá con anterioridade ao inicio do procedemento xudicial mediante incoación de dilixencias de investigación, para aqueles feitos relacionados coa violencia de xénero dos que puidera ter coñecemento, normalmente, a través de informes elaborados por entidades ou organismos con posibilidade de identificar a existencia dunha situación de violencia de xénero.

Se a información obtida é suficiente, comezará unha investigación que recollerá a realización dunha entrevista coa muller que sofre violencia de xénero, solicitude de informes complementarios e contacto cos servizos sociais e forzas e corpos de seguridade do Estado.

Se o informe que se achega dende outro organismo ou entidade non aporta a información suficiente, a Fiscalía contactará coas forzas e corpos de seguridade do Estado para iniciar unha investigación e interpoñer a denuncia se fose necesario.

Comparecencia da orde de protección

A Fiscalía asiste á comparecencia da orde de protección, presenciando as diferentes declaracións e solicitando as correspondentes medidas de protección, tanto de carácter civil como penal, velando para que se adopten as medidas necesarias para garantir a protección do superior interese das e dos menores.

A Fiscalía velará porque se garantan os dereitos das mulleres previstos no Estatuto da vítima, aprobado por Lei 4/2015, do 27 de abril entre os que se atopa o de participar nas causas, e sempre que llo permita o adecuado desenvolvemento do procedemento, o dereito a recibir información relativa á situación na que se atope, as medidas de protección que se adopten e as conformidades ás que se cheguen coas letradas ou letrados.

A Fiscalía instará os instrumentos legais necesarios orientados a facer visibles como vítimas ás e aos menores de idade, así como a adopción das medidas dirixidas a garantir a súa protección.

Corresponde á Fiscalía instar o dereito dos e das menores, previsto no artigo 9 da *Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, debendo contar con espazos adecuados para garantir a súa efectividade:

“Dereito a ser oídos e escoitados, en todos os procedementos onde se adopten decisións que incidan na súa esfera persoal, familiar ou social, téndose debidamente en conta as súas opinións, de acordo coa súa idade e madurez..., recibindo información nunha linguaxe comprensible e en formatos accesibles e adecuado ás súas circunstancias”.

Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia

A Fiscalía instará a adopción daqueles medios de proba dirixidos a garantir a acreditación dos feitos denunciados, en especial a práctica das periciais a realizar polos equipos do IMELGA.

Nas exploracións das e dos menores velarase porque se realicen por persoal especializado na materia, en lugares adecuados e contando cos medios técnicos dirixidos a garantir a axeitada protección do menor, evitando confrontacións visuais cos acusados, e que se reiteren nas declaracións e dilixencias que supoñan un grave prexuízo para estes.

A Fiscalía, de conformidade co previsto na Instrución 2/2005 do 2 de marzo da Fiscalía Xeral do Estado, no artigo 23 da Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e demais normativa vixente, poderá acreditar excepcionalmente a situación de violencia de xénero ata tanto se dite a orde de protección, a través da emisión dun informe ou certificado que se levará a efecto cando as circunstancias que concorran fagan previsible unha demora na resolución da orde de protección, concretando a medida ou medidas específicas a adoptar.

A solicitude para a mencionada acreditación poderá efectuarse directamente á Fiscalía, por escrito ou verbalmente en comparecencia debidamente documentada, ou na propia declaración que a prexudicada preste ante a autoridade xudicial, nese caso deberá solicitarse do xulgado unha copia testemuñada para a súa constancia na Fiscalía.

A Fiscalía receptora da solicitude elaborará un informe no que farán constar cantos datos se estimen precisos para a debida identificación da solicitante e do procedemento penal a que se refire, expoñendo fundadamente os indicios que acrediten á interesada como vítima de violencia de xénero en atención ás circunstancias.

A certificación farase chegar á interesada na maior brevidade posible, remitíndose igualmente unha copia testemuñada ao xulgado encargado da tramitación da causa penal da súa razón, de forma que quede constancia nas actuacións da emisión do mesmo ante eventuais pronunciamentos xudiciais que poidan incidir na súa vixencia, ou no seu caso, a inexistencia de devanditos indicios.

Proceso xudicial (instrución e axuizamento)

Na fase de instrución, a Fiscalía instará as dilixencias que considere oportunas para o esclarecemento dos feitos (participando das probas e realizando valoración sobre as mesmas), e solicitará as medidas cautelares e medidas de protección que estime oportunas, tanto de carácter civil como penal.

En todo caso, a Fiscalía sempre intervén unha vez iniciado o procedemento xudicial, como garante da protección procesual e dos dereitos, tanto da muller como das e/ou dos menores, aínda naqueles casos nos que a muller decida non testificar, non comparecer como acusación particular ou mesmo retirar a denuncia.

Ao longo deste proceso, e especialmente na fase de instrución, é fundamental a colaboración entre a Fiscalía e:

- as forzas e corpos de seguridade do Estado na solicitude de documentos e información, complementarios ao atestado, sobre a valoración individual do risco, antecedentes, etc.;
- os CIM, os servizos sociais ou o Centro de Recuperación Integral (CRI), co obxecto de incluír nas dilixencias os informes de valoración social, familiar, psicolóxica, etc.;
- os colexios de avogados/as;
- os centros de acollida integrados na Rede galega de acollemento.

Seguimento da sentenza e cumprimento da condena

A Fiscalía intervirá, unha vez concluído o xuízo oral e o procedemento xudicial, no seguimento e control do cumprimento da sentenza condenatoria, e en concreto, das medidas de protección e seguridade.

Se a través deste seguimento (e intercambio de información) a Fiscalía detecta un incremento no nivel do risco existente para a muller, iniciará dilixencias informativas sobre os feitos ou causas que o motivan, así como as correspondentes accións legais se existe novo delito (quebrantamento da condena).

3. Colexios de avogados/as

Os colexios de avogados/as de Galicia, tal e como se establece no artigo 24 da Lei 1/1996 de asistencia xurídica gratuíta, dispoñen dunha rede de profesionais que actúan durante os 365 días do ano e con gardas planificadas, para garantir a asistencia letrada ás mulleres que sofren violencia de xénero, establecéndose unha quenda de oficio específica, que lles garante a asistencia xurídica gratuíta.

Cómpre salientar, así mesmo, a modificación operada na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro de asistencia xurídica gratuíta, a través da Lei 42/2015, do 5 de outubro, consonte a cal, esta quenda de garda debe ter carácter permanente para a prestación do servizo de asistencia letrada ás vítimas de violencia de xénero. Ademais, comprende o servizo de asesoramento xurídico previo á interposición da denuncia (artigo 24).

Débese salientar que nos delitos de violencia de xénero, as vítimas serán defendidas polo mesmo/a avogado/a en todos os procedementos, sempre que sexa posible, co que se garante a súa intimidación e se diminúe a posibilidade de “revitimización” (art. 2.g).



O dereito de asistencia xurídica gratuíta está recoñecido para todas as vítimas de violencia de xénero, con independencia da existencia ou non de recursos para litigar.

O acceso das mulleres a esta rede pode ser directa ou a través doutros organismos ou institucións, normalmente as forzas e corpos de seguridade do Estado ou o propio xulgado, que teñen establecidos mecanismos de coordinación para facilitar o acceso a este recurso.

A actuación das avogadas e avogados rexerase, con independencia de que se trate ou non de quen- da de oficio, polo especificado no *Protocolo de actuación e coordinación de forzas e corpos de seguri- dade do Estado e avogadas/os ante a violencia de xénero*.



Protocolo de actuación e coordinación de forzas e corpos de seguridade do Estado e avogadas/os ante a violencia de xénero.

http://www.violenciagenero.msssi.gob.es/profesionalesInvestigacion/seguridad/protocolos/pdf/Protocolo_Actuacion_Coordinacion_Fuerzas_Cuerpos_Seguridad_Estado_Abogados_Abogadas_mejorar_asistencia_juridica.pdf

Así como na *Guía de boas prácticas da avogada/o da muller vítima da violencia de xénero*.



Guía de boas prácticas da avogada/o da muller vítima da violencia de xénero.

http://www.abogacia.es/wp-content/uploads/2013/02/guia_contra_violencia_mujer_enero2013.pdf

O ideal é que o asesoramento legal se inicie con anterioridade á interposición da denuncia, para garantir:

- a defensa dos intereses da muller que sofre violencia de xénero,
- que a denuncia contemple todas as dilixencias posibles e que se realice no momento oportuno, así como
- facilitar toda a información sobre as características do proceso xudicial que se inicia coa denuncia, recursos existentes para a muller que sofre violencia de xénero, etc.

No momento en que se establece contacto co colexio de avogados/as correspondente para solicitar a asistencia xurídica, inmediata e especializada, designarase á avogada ou avogado responsable do procedemento.

No caso de que a muller solicite ou se lle ofrezca asistencia xurídica en dependencias policiais, a avogada ou avogado acudirá a onde se atopa a muller para atendela, na maior brevidade posible.

No caso de solicitar asesoramento no colexio de avogados/as directamente, prestarase nos despachos das avogadas ou avogados asignadas.

En ambos casos o procedemento implicará unha **entrevista previa coa muller** para coñecer antecedentes, características do feito que se vai denunciar, situación familiar, etc.



Evitarase a interposición da denuncia antes de solicitar a asistencia xurídica gratuíta, polo tanto deberá ofrecerse e realizar as xestións oportunas para ter o dereito a asistencia xurídica gratuíta, dende as dependencias policiais.

En todo caso, se esta premisa non se cumpre, e por diversos motivos, se realiza a solicitude de asistencia xurídica **unha vez interposta a denuncia**, será necesario garantir que a avogada ou avogado asignada **conte con tempo suficiente para establecer contacto coa muller e obter a información necesaria**.

Establecerase, en todo caso, un proceso de comunicación e contacto por parte da avogada ou avogado coa muller que sofre violencia de xénero, demandando en caso de que non se ofrezca previamente, un espazo cómodo e apropiado para falar coa muller, facilitando a relación de confianza e proximidade, tanto en dependencias policiais como xudiciais.

Contemplanse, polo tanto, asistencia legal na interposición da denuncia, solicitude de orde de protección e en todos os procesos penais, civís, contencioso-administrativos ou laborais.

A partir dese momento deberá existir coordinación e comunicación coas forzas e corpos de seguridade e servizos sociais (especialmente para preparar a denuncia e a recompilación de toda a documentación que se considere oportuna) e unha vez que comece o procedemento xudicial co Xulgado e a Fiscalía na defensa dos intereses da muller e das e dos menores (preparación da acusación particular, solicitude de medidas de protección, etc.)

Dende a entrada en vigor da Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, existe a obriga legal de que, nos casos de asistencia xurídica gratuíta, sexa unha única persoa (avogada ou avogado) con formación especializada, a que atenda á muller en todos os procesos dimanantes de violencia de xénero.

Así mesmo, dende os colexios de avogados/as garantírase **a mesma avogada ou avogado** nos novos procesos xudiciais, cando estes sexan consecuencia do quebrantamento ou incumprimento de sentenza.

As principais recomendacións para avogadas e avogados da quenda especializada en violencia de xénero son:

- Manter o teléfono móbil conectado, de forma permanente, ao longo do período de garda.
- Axilidade e prontitude nos desprazamentos para prestar asesoramento á muller no menor tempo posible, e ante calquera dificultade ou imposibilidade, deberase comunicar ao colexio de avogados/as correspondente para designar a unha persoa substituta.
- Acudir cos impresos que se requiren e que veñen establecidos polo colexio ao que pertence (con carácter xeral: documento tipo para solicitar orde de protección, solicitude de asistencia xurídica gratuíta, folla de garda, etc.)
- Facilitar os datos de contacto necesarios para manter unha relación de comunicación fluída coa muller (domicilio profesional e número de teléfono da avogada ou avogado asignado).

Tanto os colexios como as propias avogadas ou avogados, ao longo do proceso e dependendo das necesidades ou características de cada caso, derivarán á muller que sofre violencia de xénero aos CIM ou servizos sociais do seu territorio, para que se lles poida ofrecer asesoramento sobre recursos especializados, información sobre os seus dereitos (atención psicolóxica, axudas económicas, acceso a programas de formación ou emprego, rede de acollemento, etc.)

Lémbrese que se contempla o *Anexo 2 de derivación entre áreas e recursos*, anexo que deberá ser asinado pola muller e remitirse ao servizo correspondente.

4. IMELGA (Instituto de medicina legal de Galicia)

O IMELGA é o organismo responsable de realizar a investigación forense, o que inclúe a avaliación médica, psicolóxica e social, que se plasma na elaboración de diversos informes, en resposta ao solicitado polo Xulgado, Fiscalía e partes participantes no proceso xudicial.

Existe unha guía de actuación, o *Manual de valoración forense integral*, que é un dos instrumentos do sistema de valoración integral das vítimas de violencia de xénero dende unha perspectiva interdisciplinaria.



Manual de valoración forense integral.

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/manual_de_valoracion_forense_integral.pdf

Tamén existe o *Protocolo médico-forense de valoración urxente do risco de violencia de xénero*.



Protocolo médico-forense de valoración urxente do risco de violencia de xénero.

<http://www.violenciagenero.msssi.gob.es/profesionalesInvestigacion/juridico/protocolos/docs/protocoloMedicoForense2011.pdf>

En todo caso, de forma xenérica, existen dous tipos de intervención do IMELGA que se diferencian polo alcance e o tempo no que se realiza.

Actuación urgente a través do xulgado de garda ou de violencia de xénero

Implica a realización dunha valoración forense, para a avaliación das agresións físicas, agresións sexuais, agresión psicolóxica ou en casos de morte con sospeita da existencia de violencia de xénero.

Este tipo de actuación é a que se leva a cabo, principalmente, nos xuízos rápidos, e contempla:

- a primeira intervención do persoal médico forense para valorar os danos e lesións físicas e psicolóxicas que sexan obxecto do proceso xudicial;
- a análise do parte de lesións, informes sanitarios ou sociais;
- a elaboración do informe de forma inmediata, unha vez rematada a valoración.



Nestes casos o informe de valoración das lesións deberá entregarse nun prazo breve de tempo, dado o tipo de procedemento urgente, xa que tanto a Fiscalía como o Xulgado deben establecer a gravidade dos feitos e determinar as medidas de protección.

Valoración programada: Integral a través de dilixencias previas do xulgado

Consiste na realización dunha valoración que integra á área médica, psicolóxica e social, dende o punto de vista forense.

No informe que resulta da valoración inicial que realiza o persoal médico forense, pode instarse a derivación á Unidade de Valoración Forense Integral, integrada por médica/o, psicóloga/o e traballador/a social, dependendo da existencia de diferentes indicadores (reincidencia, intensidade lesiva, instrumentos utilizados, existencia de ameazas, nova relación de parella, separación, vulnerabilidade da muller, etc.). Ou pola petición posterior do xulgado, xa no curso dun procedemento ordinario.

A valoración integral ten o seguinte alcance:

- constata a existencia de violencia de xénero reflectida nas lesións físicas, psíquicas e as consecuencias da mesma, non só para a muller senón tamén no eido familiar (en caso de que a valoración sexa tamén global);
- determina a existencia do clima de violencia no fogar, suxestivo da reiteración nos feitos agresivos;
- achega información relevante sobre o risco existente de novas agresións e de morte,
- achega propostas para o plan de protección da muller e menores, cando así sexa solicitado;
- realiza avaliación específica no caso de agresións sexuais, violencia ritual, etc;
- realiza avaliación en casos de morte, incluído o suicidio inducido ou provocado como consecuencia da violencia de xénero, suicidio ampliado, etc.

Así mesmo, é tamén competencia do IMELGA a análise con respecto á persoa denunciada ou investigada (imputabilidade, posibilidade de reincidencia, características psicolóxicas, etc.).

A través de entrevistas estruturadas, cuestionarios, estudo da documentación que consta nos autos, elaboraranse os informes solicitados polo xulgado.

5. Oficinas de asistencia ás vítimas do delito

As oficinas de asistencia ás vítimas do delito (OAVD) son órganos técnicos, configurados como un servizo público e gratuíto de carácter interdisciplinario, destinados a prestar apoio, asesoramento e asistencia personalizada, antes, durante e despois do procedemento xudicial, ás mulleres que sofren violencia de xénero.

A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, establece no artigo 28:

2. As oficinas de asistencia ás vítimas realizarán unha valoración das súas circunstancias particulares, especialmente no relativo ás circunstancias ás que se refire o apartado 2 do artigo 23, coa finalidade de determinar que medidas de asistencia e apoio deben ser prestadas á vítima, entre as que se poderán incluír:
 - a) A prestación de apoio ou asistencia psicolóxica.
 - b) O acompañamento a xuízo.
 - c) A información sobre os recursos “psicosociais” e asistenciais dispoñibles e, se a vítima o solicita, derivación aos mesmos.
 - d) As medidas especiais de apoio que poidan resultar necesarias cando se trate dunha vítima con necesidades especiais de protección.
 - e) A derivación a servizos de apoio especializados.
3. O acceso aos servizos de apoio ás vítimas non se condicionará á presentación previa dunha denuncia.

Antes da interposición da denuncia, as OAVD asesorarán á muller sobre todo o procedemento policial e xudicial e ofrecerán información sobre os dereitos e recursos especializados.

A actuación das OAVD é moi importante, na medida en que teñen a capacidade de achegar unha visión xeral das características de todo o proceso ao que se enfronta a muller cando decide saír da situación de violencia de xénero na que se atopa.

En caso de que a muller acuda para interpoñer denuncia ou solicitar orde de protección, será derivada ás forzas e corpos de seguridade do Estado, tralo proceso de asesoramento e información.

5.4.4 COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Área de forzas e corpos de seguridade

O xulgado comunicará e remitirá ás forzas e corpos de seguridade do Estado todas as resolucións polas que se decreta a adopción de medidas de protección e de seguridade, así como o seu levantamento ou modificación ditadas ao longo do procedemento. Tamén se comunicarán aquelas medidas que se manteñan na sentenza e durante a tramitación dos eventuais recursos.

A Fiscalía achegará os informes de seguimento sobre a evolución da valoración do risco, grao de cumprimento das medidas de protección, etc.

En ámbolos dous casos, a comunicación e coordinación coas forzas e corpos de seguridade do Estado concrétese no *Protocolo de actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado e de coordinación cos órganos xudiciais para a protección da violencia doméstica e de xénero* e, polo tanto, deberá adaptarse ao estipulado no mesmo.

Área social

Naqueles casos nos que se solicite a asistencia xurídica gratuíta a través de quenda de oficio, o avogado ou avogada que represente á muller, sempre que exista o consentimento (*Anexo 1. Consentimento informado e de autorización para compartir información*), contactará co persoal do CIM (centro de información á muller), servizos sociais ou Centro de Recuperación Integral (CRI), para facilitar a información que permita mellorar a atención á muller que sofre violencia de xénero.

A tal efecto, os colexios de avogados/as de Galicia ou, no seu caso, o Consello da Avogacía Galega, facilitarán aos CIM que o soliciten un listado actualizado de profesionais adscritos á quenda de oficio en violencia de xénero, cos teléfonos de garda para a súa localización urxente, se procede.

Se non existe intervención de avogada ou avogado da quenda de oficio, será o propio xulgado ou Fiscalía a que proceda a derivar á muller aos servizos sociais do seu territorio por se require apoio asistencial, atención especializada ou asesoramento sobre dereitos e recursos dispoñibles en función das súas necesidades.

5.5 ÁREA SOCIAL

5.5.1 CONTEXTO

A atención social integral é un dereito recoñecido na lexislación específica para a loita contra a violencia de xénero, tanto a nivel estatal como autonómico, para as mulleres que sofren violencia de xénero e tamén para os seus fillos e fillas menores.

Implica a atención, actuación de emerxencia, apoio e acollida, así como a recuperación integral, tal e como se establece na propia *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, e igualmente nas medidas previstas na *Lei 11/2007 do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero*, que establece un marco normativo propio e completo nesta materia, facendo da prevención o pilar básico da acción administrativa que facilite un adecuado apoio á loita social contra a violencia de xénero.

Esta atención integral lévase a cabo a través dunha rede de recursos e servizos de carácter estatal, autonómico e local que se complementan entre si, para dar resposta ás necesidades (de información, económicas, acceso á vivenda, apoio e intervención psicosocial, etc.) que teñen as mulleres e menores que sofren unha situación de violencia de xénero, tanto ao longo do proceso de saída desa situación como con posterioridade á mesma.

A entrada das mulleres que sofren violencia de xénero no eido social pode ser directa, a través dos servizos sociais, ou derivada a partir de calquera organismo que intervén no proceso institucional, terceiro sector, ou mesmo de oficio.

O acceso das ou dos menores que sofren violencia de xénero, dentro ou fóra do seu fogar, pode ser directo ou a través dunha derivación doutros organismos como os centros educativos.

A continuación, sinálanse os documentos de referencia que estandarizan a actuación e resposta ante a violencia de xénero para a área social:

- *Proposta de intervención integral no ámbito local contra a violencia sobre a muller*, editado pola Federación Española de Municipios e Provincias no ano 2012.
- *Guía de actuación ante a violencia de xénero para os/as profesionais de servizos sociais*, editado pola Xunta de Galicia no ano 2007.
- *Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou con discapacidade*, editada pola Xunta de Galicia en 2011.
- *Protocolo de actuación do servizo telefónico de atención e protección para vítimas de violencia de xénero (ATENPRO)*, editado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Federación Española de Municipios e Provincias no ano 2012.

- *Protocolo de actuación con mulleres vítimas de violencia de xénero*, que forma parte dos *Protocolos de actuación do psicólogo ou psicóloga nos servizos sociais comunitarios*, editado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no ano 2014.
- *Proposta de pautas para a intervención integral e individualizada con mulleres vítimas de violencia de xénero, os seus fillos e fillas e outras persoas ao seu cargo*, do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, aprobadas pola Conferencia sectorial de igualdade do 17 de xuño de 2013.
- *Protocolo de derivación entre centros de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas*, aprobado por acordo da Conferencia sectorial de igualdade do 21 de xullo de 2014, publicado no DOG do 5 de xuño de 2015.
- *Protocolo de acceso á Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero*, asinado o 25 de maio de 2016.

5.5.2 ALCANCE

A actuación que se describe neste protocolo refírese aos servizos sociais comunitarios e especializados, e contéplanse tamén os centros de información ás mulleres (CIM), o Centro de Recuperación Integral (CRI) e os centros de acollida integrados na Rede galega de acollemento como recursos específicos, así como o Programa de atención psicolóxica a mulleres en situación de violencia de xénero (PAPMVX)³.

5.5.3 PROCEDEMENTO

Para garantir a capacidade de resposta, rapidez, calidade e alcance da actuación dos servizos sociais e outros recursos de carácter local ou autonómico, na atención das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, garantírase o acceso a todos os recursos necesarios.

³ En todo caso, lémbrese que existe un protocolo específico para a xestión deste programa.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no artigo 19 relativo ao Dereito de atención social integral sinala que:

“As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e as corporacións locais, responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e interdisciplinario a nivel profesional”.

Igualmente sinala que

“Tamén terán dereito á asistencia social integral a través destes servizos sociais os menores que se encontren baixo a patria potestade ou garda e custodia da persoa agredida. Para estes efectos, os servizos sociais deberán contar con persoal especificamente formado para atender os menores, co fin de previr e evitar de forma eficaz ás situacións que poidan comportar danos psíquicos e físicos aos menores que viven en medios familiares onde existe violencia de xénero”.

Para dar cumprimento aos principios de atención permanente, urxente e especializada, as vías de acceso serán a través dos servizos sociais comunitarios básicos ou especializados, recursos de carácter local, supramunicipal ou autonómico, así como do terceiro sector que presten atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Naqueles territorios nos que existe un CIM (centro de información á muller) amplíase a cobertura no proceso de atención, intervención e recuperación da muller. Sinalar tamén a existencia do Centro de Recuperación Integral (CRI) e o Programa de atención psicolóxica a mulleres en situación de violencia de xénero (PAPMVX), ambos de ámbito autonómico.

1. Detección de indicadores compatibles con violencia de xénero

As mulleres acoden aos servizos sociais, en primeira instancia, con necesidades relativas a situacións de dependencia no fogar, formación para o emprego, percepción de axudas económicas, solicitude de asesoramento, así como cando son derivadas por profesionais doutros servizos ou recursos.

Cando se observen indicadores compatibles con violencia de xénero, realizarase unha primeira entrevista que permita analizar a situación na que se atopa tanto a muller como as/os menores a cargo.

CADRO 2. Principais indicadores compatibles cunha situación de violencia de xénero

Abuso económico	Negar, minimizar e culpabilizar
<ul style="list-style-type: none"> • Facer preguntas constantes sobre o diñeiro. • Control dos cartos da outra persoa. • Facer uso/coller o soldo da outra persoa. • Non permitir o acceso ao diñeiro da unidade familiar. • Impedir que consiga ou conserve un traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Afirmar que o abuso non está ocorrendo. • Recoñecer o abuso e non preocuparse pola seriedade deste. • Responsabilizar á outra persoa do acontecido.
Illamento	Uso de ameazas
<ul style="list-style-type: none"> • Controlar o que fai a outra persoa (a quen mira, fala, que le, onde vai, etc.). • Limitar os compromisos da outra persoa fóra da casa ou da relación de parella. • Usar os celos para xustificar as accións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ameazar con inflixir lesións ou dano físico. • Ameazar coa realización dun acto suicida. • Ameazar con deixar a relación ou ter unha aventura cunha terceira persoa. • Ameazar con botar á outra persoa da casa.
Intimidación e/ou violencia	Uso das persoas menores
<ul style="list-style-type: none"> • Infundir medo usando miradas, accións, xestos. • Romper cousas. • Destruír a propiedade da outra persoa. • Privación da liberdade. • Mostrar armas. Dano físico (empurróns, labazadas, beliscos, queimaduras, tiróns de pelo, patadas, etc.). • Imposición dunha relación sexual non consentida (agresión sexual, abuso, indución á prostitución, realización de prácticas sexuais non desexadas). 	<ul style="list-style-type: none"> • Ameazar con quitarlle a custodia en caso de que a muller o denuncie. • Ameazar con maltratar ás persoas menores en caso de denuncia por parte da muller. • Facer uso das persoas menores para mandarlle mensaxes á muller. • En caso de divorcio ou separación, usar as visitas para acosar ou molestar á outra persoa. • Tratar de levar ás persoas menores cando non está acordado/pactado.

Fonte: Adaptado de Labrador, F.J; Paz, P; De Luis, P. E Fernández- Velasco, R. (2004). "Mujeres víctimas de la violencia doméstica. Programa de actuación." Madrid: Pirámide.

O alcance da intervención contemplará o seguimento e avaliación da situación de vulnerabilidade na que se atopa a muller e persoas achegadas, así como na atención ás demandas e necesidades prioritarias.

Explicaráselle á muller a necesidade de apertura e rexistro do expediente correspondente, por se fose necesario no futuro realizar algunha derivación, preparar algún informe ou axilizar a coordinación con outros recursos.



O expediente debe conter toda a información posible, sobre acontecementos, antecedentes, necesidades concretas, valoración e seguimento, obtida a través da entrevista coa muller e da observación directa.

A muller será previamente informada dos seus dereitos nos termos previstos no artigo 5 da Lei orgánica de protección de datos, de maneira axeitada e comprensible. Recoméndase incluír no expediente o *Anexo 1. Consentimento informado e autorización para compartir información*. No caso dos centros de información á muller, o devandito consentimento pode substituírse polo modelo de "autorización de tratamento de datos das persoas atendidas no CIM" recollido na aplicación informática "Xestión CIM".

O expediente ademais dun rexistro en si mesmo, será a principal ferramenta para o seguimento e avaliación posterior. O CIM accederá á historia social.

Se a atención se realiza no servizos sociais básicos e/ou comunitarios e se a muller outorga o seu consentimento, procederase derivala ao centro de información á muller correspondente ou ao Centro de Recuperación Integral (CRI), ou ao Programa de atención psicolóxica a mulleres en situación de violencia de xénero (PAPMVX), segundo corresponda, para iniciar a intervención especializada procurando establecer un seguimento e coordinación periódica.

2. Actuación inmediata en casos de urxencia

No caso de que a muller ou menor acuda directamente a servizos sociais ou ao CIM (centro de información á muller) tras sufrir unha situación de violencia de xénero, en primeiro lugar será necesario comprobar se existen danos físicos ou psicolóxicos que requiran atención médica, así como garantir a súa seguridade e integridade física contactando telefonicamente coas forzas e corpos de seguridade que acompañarán á muller aos servizos sanitarios máis próximos, de ser preciso.

O persoal do CIM ou persoal de referencia dos servizos sociais comunitarios acompañará á muller ou menor, cando sexa posible e a dotación de recursos o permita, informándoa da necesidade de solicitar o parte de lesións, facendo fincapé na inclusión da sintomatoloxía emocional, non só física.

Se a situación o permite recoméndase constatar directamente coa muller (en solitario e garantindo a súa seguridade) se existen denuncias previas ou se acudiu, previamente, a algún organismo.

Se a muller decide interpoñer denuncia iniciárase o proceso previo de asesoramento xurídico, por parte da asesora xurídica do CIM (centro de información á muller).

Informaráselle sobre a asistencia xurídica gratuíta e se a muller está conforme e o autoriza, iniciárase o contacto co colexio de avogados/as correspondente, solicitando avogada ou avogado especializado en violencia de xénero da quenda de oficio, salvo que sexa para interpor denuncia, caso en que a solicitude urxente se xestionará directamente polas forzas e corpos de seguridade.



A solicitude da orde de protección realizarase no momento de interpoñer a denuncia, xa que formará parte das dilixencias policiais e as propias forzas e corpos de seguridade remitirán copia ao xulgado correspondente.

É moi importante que no momento de poñer a denuncia sexa asistida pola avogada ou avogado de oficio, podendo solicitarse dende a propia comisaría.

Por parte do CIM ou dos servizos sociais comunitarios segundo o caso, realizarase unha valoración da situación persoal na que se atopa a muller para identificar as necesidades máis urxentes canto á residencia:

- Casa de familiares ou amizades
- Rede galega de acollemento, que conta cun procedemento de actuación específico, que se pode consultar no seguinte enlace:



Protocolo de acceso á Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero.

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/protocolo_rga-asinado_1.pdf

- Residencia ou centro do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia para persoas dependentes ou persoas maiores.



Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou con discapacidade.

Xunta de Galicia 2011.

http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Guias/GUIA_GALEGO_2011_v4.pdf

Outros aspectos que hai que ter en conta:

- Á hora de planificar a saída do fogar contemplárase solicitar o uso da vivenda habitual, se procede ou é positivo para a muller.
- Procurárase que a muller dispoña acceder da documentación relevante: DNI, pasaporte, libro de familia, informes médicos, tarxeta sanitaria, cartilla do banco, tarxetas, contrato de traballo, nóminas.
- Informar especificamente as mulleres estranxeiras sen permiso de residencia de que a concesión dunha orde de protección e/ou medida cautelar dará lugar ao recoñecemento do dito permiso de residencia (provisional) por circunstancias excepcionais.

3. Plan de atención individualizado con mulleres e menores en situación de violencia de xénero

Asesoramento e orientación sobre dereitos e recursos

Ante unha situación de violencia de xénero explicaráselle á muller de forma moi clara os dereitos (que ten recoñecidos no marco legal e normativo), utilizando como referencia a *Guía de actuación ante a violencia de xénero para os/as profesionais de servizos sociais*.



Guía de actuación ante a violencia de xénero para os/as profesionais de servizos sociais.

[http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/Guia_actuacion_vx_profesionais_SS-2\[1\].pdf](http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/Guia_actuacion_vx_profesionais_SS-2[1].pdf)

Xunto cos seguintes dereitos extraídos da Lei 4/2015 do Estatuto da vítima do delito:

- A asistencia lingüística gratuíta.
- A asistencia e apoios necesarios para as mulleres con discapacidade, o que incluírá a interpretación nas linguas de signos recoñecidas legalmente e os medios de apoio á comunicación oral.
- A estar acompañadas por unha persoa da súa elección dende o primeiro contacto coas autoridades e persoal funcionario no xulgado.

Canto ás e aos menores:

- Acceso aos servizos de asistencia e apoio, así como a adopción de medidas de protección, co obxectivo de facilitar a súa recuperación integral.
- Atención, abordaxe e intervención psicosocial especializada.
- Acceso a recursos de acollemento, tutela e garda por parte da administración pública ou acollemento de urxencia.
- Participación directa e pronunciamento nos procedementos xudiciais.

A continuación recóllense elementos a considerar para optimizar a acollida e a admisión ao recurso:

- Apoiar a persoa usuaria e o seu ámbito familiar na admisión ao recurso, creando un clima de confianza e empatía propicio para a creación do vínculo co equipo do recurso de que se trate, sen xerar expectativas non realistas.
- Coidar o lugar de atención, as formas de interacción ou comunicación e a actitude das persoas profesionais no momento da atención.
- Recompilar datos e coñecer a realidade da unidade familiar a través do traballo en rede.

Será preciso avaliar as necesidades sociais que presenta a muller e a partir de aí facilitar a información sobre os recursos existentes e o procedemento para a súa mobilización:

- Recursos económicos e de apoio para asegurar a cobertura de necesidades básicas (axudas periódicas para vítimas da violencia de xénero, RAI, axuda de pagamento único e indemnizacións para vítimas da violencia de xénero, RISGA, axudas de inclusión etc.)
- Recursos educativos (xestión de traslado, solicitude de centro, apoio ou reforzo educativo, etc.)
- Acollemento e residencia alternativa (Rede galega de acollemento, colaboración do Centro de Recuperación Integral, ámbito familiar etc.).

Plan de autoprotección (recomendacións)

Consiste en facilitar indicacións e recomendacións á muller que faciliten o proceso de toma de decisións ante unha situación de perigo, dende a planificación da saída controlada do fogar ata a adopción de medidas de protección.

Dependendo das necesidades e demandas da muller, será necesaria iniciar a derivación ás forzas e corpos de seguridade facilitando toda a información que afecte á seguridade da muller ou menores.

Igualmente, informarse sobre aplicacións específicas como EscAPP, Alertcops ou ATENPRO, neste último caso con independencia de que se poida ou non xestionar e tramitar a solicitude, dependendo en todo caso de denuncia previa.

Atención psicosocial a nenas, nenos e adolescentes

Supón analizar a situación na que se atopan, especialmente e de xeito específico, as persoas menores, incidindo na atención social a través de traballadora ou traballador social, así como a atención psicolóxica coa correspondente derivación á psicóloga ou psicólogo do CIM (centro de información á muller), do Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero (Convenio entre o Colexio Oficial de Psicoloxía e a Secretaría Xeral da Igualdade), Centro de Recuperación Integral da Secretaría Xeral da Igualdade, así como a calquera outra persoa profesional que deba intervir para defender os dereitos das nenas, nenos e adolescentes.

Recoméndase o contacto e coordinación co centro educativo, para actuar de forma complementaria co Departamento de orientación.

En caso de detectar desamparo por exposición á violencia de xénero, comunicarase de maneira inmediata á Fiscalía de menores correspondente e ao departamento de Menores da Xunta de Galicia, conforme o artigo 32 da Lei 11/2007: se se aprecia desamparo pola violencia de xénero, deberá ser comunicado ao departamento de menores para valoración da asunción da tutela.

Á xestión de determinados recursos ou trámites para as ou os menores, tales como a súa participación en programas especializados para vítimas de violencia de xénero, require da sinatura de ambos proxenitores; no caso de que non sexa posible obter a sinatura do pai, poderase utilizar como alternativa o Procedemento de xurisdición voluntaria (tanto no xulgado de familia, primeira instancia ou no xulgado de violencia de xénero que leve a cuestión civil).

Consiste en presentar un escrito solicitando a participación da ou do menor no recurso ou programa en cuestión, motivando os seus beneficios ou a necesidade.

Atención psicolóxica especializada en violencia de xénero

A atención psicolóxica será asumida pola psicóloga ou psicólogo do CIM (centro de información á muller), do PAPMVX (Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero) ou a través do Centro de Recuperación Integral, ben porque se accede directamente ao servizo especializado, ben porque se produce a derivación por parte dos servizos sociais comunitarios, terceiro sector ou calquera outra área que intervéñen no proceso.

Os criterios para determinar se a muller ou menores acceden a un ou outro recurso especializado serán: estado do recurso, axilidade, accesibilidade, adaptabilidade, dispoñibilidade das citas, necesidades e demandas da muller, etc.

Se non existe persoal especializado no territorio, o persoal de referencia dos servizos sociais comunitarios ou do CIM contactará co persoal médico correspondente do servizo de atención primaria de saúde, para comunicar a necesidade de derivar o acceso aos servizos especializados do Sergas.

En todo caso, poderanse seguir as recomendacións do *Protocolo de actuación con mulleres vítimas de violencia de xénero* dispoñible no documento elaborado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, *Protocolos de actuación do psicólogo ou psicóloga nos servizos sociais comunitarios*.



Protocolo de actuación con mulleres vítimas de violencia de xénero.

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/protocolos_de_actuacion_do_psicologo_nos_servizos_sociais.pdf

Se a muller recibise algún tipo de atención especializada en saúde mental ou no caso de ter tratamento médico específico, sempre que exista consentimento informado por parte de muller (*Anexo 1. Consentimento informado e autorización para compartir información*), contactarase co persoal médico responsable e establecerase coordinación para solicitar informes médicos que complementen ao PAI (plan de atención individualizada).

O alcance da actuación da psicóloga ou psicólogo do CIM, dependerá da motivación da consulta:

- Atención psicolóxica en situación de crise: realizarase cando a muller acuda nunha situación de urxencia derivada dun risco físico e ou emocional. O obxectivo da intervención profesional será dar resposta e atender de forma inmediata as súas necesidades, reducindo a tensión emocional e articulando medidas encamiñadas a conseguir a súa seguridade e mellora social e persoal.
- Asesoramento puntual ante unha demanda específica: prestarase á usuaria toda a información relacionada coa demanda e situación detectada, así como o asesoramento sobre as posibles alternativas dispoñibles para a resolución da situación, expoñendo diferentes alternativas para a resolución da situación ou problemática, co fin de motivar o cambio e facilitar a abordaxe da situación de violencia de xénero.
- Intervención e seguimento psicosocial, psicoterapéutico e clínico individualizado: actuación que se desenvolverá de forma inmediata e a longo prazo coas mulleres que presentan secuelas psicolóxicas debido á violencia sufrida, así como problemáticas sociais derivadas da devandita situación.
- Acompañamento de carácter puntual ao longo do proceso (centro de saúde, IMELGA, xulgado, etc.): a partir da demanda directa da muller, así como de oficio trala valoración técnica previa (existencia de risco ou perigo para a muller, dependencia, etc.).

Asesoramento xurídico especializado en violencia de xénero

Sempre que sexa posible, garantirase que a muller teña toda a información, previamente á interposición da denuncia, para asegurar o éxito da mesma e que as dilixencias policiais sexan o máis completas posible.

Se existe un CIM (centro de información á muller), procederase a solicitar unha cita coa asesora xurídica.

No seu defecto, o persoal dos servizos sociais comunitarios básicos contactará co colexio de avogados/as correspondente no territorio para solicitar unha cita previa que facilite o acceso da muller á asistencia xurídica gratuíta.



O dereito de asistencia xurídica gratuíta esixe da intención clara de interposición de denuncia por parte da muller que se atopa en situación de violencia de xénero.

Recomendarase acudir ás forzas e corpos de seguridade a interpor a denuncia, unha vez teña toda a información e asesoramento previos que necesite.

En relación á asistencia xurídica gratuíta é importante incidir nos seguintes aspectos:

- Terá dereito a recibir información previa á interposición da denuncia.
- A atención especializada con independencia dos ingresos subsistirá mentres exista en trámite un procedemento de violencia de xénero (se existe auto de sobresemento que é reco-rrido tamén mentres este non deveña firme en dereito).
- Esta atención especializada incluírá todos os procesos que teñan vinculación, deriven ou sexan consecuencia da súa situación de violencia de xénero.
- Deberá ser a mesma avogada ou avogado quen asista á muller nos distintos procesos que poidan iniciarse, como consecuencia desta problemática salvo que sexa preciso nomear a outra persoa profesional para garantir axeitadamente o seu dereito de defensa.

Se a muller accede ao asesoramento xurídico unha vez interposta a denuncia, a asesora xurídica do CIM recompilará toda a información posible sobre os procedementos xurídicos existentes, tanto penais como civís.

Se a muller conta con avogada ou avogado, o persoal do CIM (ou no seu defecto o persoal de referencia dos servizos sociais comunitarios) solicitará os datos de contacto correspondentes do avogado/a, e establecerá comunicación para iniciar a coordinación e seguimento do proceso xudicial, sempre que exista consentimento por parte da muller (*Anexo 1. Consentimento informado e autorización para compartir información*).

Seguimento e avaliación

A medida que se desenvolven as accións do PAI (plan de atención individualizada), realizarase un seguimento das medidas adoptadas, realizando unha avaliación da situación existente e unha nova valoración dos obxectivos formulados e actuacións pendentes.

A mellora continua require recompilar de forma anónima datos e información sobre o grao de satisfacción que teñen as mulleres, así como a valoración que realizan tanto da propia atención como da actitude do equipo de traballo.

Para garantir o carácter confidencial das valoracións e a liberdade de expresión, habilitaranse dispositivos accesibles ás persoas, e os servizos contarán con formularios de avaliación de carácter anónimo.

Coordinación na Área social: Centro de Recuperación Integral

O Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero desenvolve un modelo de atención integral e actúa como:

- Centro coordinador da Rede galega de acollemento.
- Centro colaborador das derivacións de mulleres que sofren violencia de xénero fóra de Galicia e receptor das que cheguen á nosa comunidade derivadas desde outras partes do Estado.
- Centro de formación na loita contra a violencia de xénero, tanto para profesionais, fundamentalmente dos CIM e dos servizos sociais, como para o voluntariado e cidadanía en xeral.
- Centro colaborador co Punto de coordinación das ordes de protección de Galicia.
- Centro impulsor da creación de grupos de autoaxuda, intervención e coñecemento entre mulleres que teñan sufrido, vivido e superado situacións de violencia de xénero, e como centro de atención, individual e grupal, das e dos menores a cargo das usuarias do centro.

É necesario fomentar a coordinación, comunicación e o traballo en rede entre os servizos sociais municipais e os centros de información ás mulleres con respecto ao CRI, na medida en que este se basea nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico que se articulan non só a nivel autonómico, senón tamén a nivel local e municipal.

Relativo aos centros de acollida incorporados na Rede galega de acollemento:

- Facilitar aloxamento alternativo a aquelas mulleres que non cumpran os requisitos de acceso á rede.
- Ter en conta sempre a necesidade de pactar obxectivos coas propias mulleres para o acceso aos centros de acollida, especialmente nas derivacións ordinarias e non urxentes.
- A coordinación cos recursos e entidades derivantes debe ser integral e continuada durante o proceso de intervención.

5.5.4 COORDINACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Área educativa

Recoméndase o contacto e coordinación co centro educativo, para actuar de forma complementaria co Departamento de orientación.

Cando unha muller acode aos servizos sociais e existan fillas ou fillos menores, solicitarase a información correspondente sobre o centro ao que acoden as crianzas, tanto se a existencia dunha situación de violencia de xénero está constatada, como cando exista sospeita da mesma.



Lémbrese que tanto unha alumna vítima de violencia de xénero como os e as menores a cargo dunha muller en situación de violencia de xénero, teñen dereito a escolarización inmediata no caso de verse afectadas por un cambio de residencia derivada de actos de violencia.

No caso referido a unha alumna vítima de violencia de xénero cuxo agresor é do mesmo centro, o centro educativo facilitaralle as medidas necesarias para que continúe no centro, se é o seu desexo.

Sinalar tamén que para a solicitude de admisión nun centro educativo, sexa por vez primeira ou por cambio de centro, non será esixible a sinatura do pai no caso de alumnado afectado por situación de violencia de xénero (Orde do 12 de marzo de 2013, DOG do 15 de marzo).

Área sanitaria

A coordinación entre os servizos sociais comunitarios e especializados e os servizos sanitarios é fundamental para favorecer a prevención da violencia de xénero e para promover a identificación das mulleres que a sofren, establecendo mecanismos de comunicación que permitan obter información naqueles casos nos que existan sospeitas.

O persoal dos CIM ou servizos sociais responsable da intervención profesional coa muller, previo consentimento da mesma (*Anexo 1. Consentimento informado e autorización para compartir información*), poderá solicitar informes médicos que sexan de utilidade para a elaboración do PAI (plan de atención individualizada) ou mesmo para complementar informes se actúan de oficio ante a Fiscalía.

Área de forzas e corpos de seguridade

A coordinación entre servizos sociais e forzas e corpos de seguridade do Estado está motivada pola interposición de denuncia e para analizar o perigo no que se atopa a muller e determinar un plan de seguridade acorde ao risco identificado.

Inicialmente, a muller requirirá acompañamento a dependencias policiais e posteriormente o persoal de servizos sociais colaborará coas forzas e corpos de seguridade na posta en marcha do plan de seguridade, análise e identificación de factores de risco.

Área xurídica

Actuación previa coa Fiscalía (actuación de oficio)

Naqueles casos nos que os servizos sociais teñen sospeita da existencia dunha situación de violencia de xénero e detecten unha situación de risco, sen prexuízo de cumprir as obrigas legais establecidas na normativa vixente, poden facilitar a actuación de oficio por parte da Fiscalía remitindo o informe correspondente, partindo da información recompilada no expediente ou no propio PAI (plan de atención individualizada).

A Fiscalía liderará a investigación correspondente, contando coa colaboración das forzas e corpos de seguridade e os propios servizos sociais.

En caso de que se detecte unha situación de perigo, a Fiscalía podería solicitar ao xulgado medidas preventivas ou de protección.

Ante mulleres e menores residentes en centros de acollida, requirirase por parte do eido xudicial informes correspondentes para coñecer a evolución na estadía, así como o proceso de chegada ao mesmo.

Puntos de encontro familiar (PEF)

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que teñen por obxecto favorecer as relacións entre as e os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido, ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflictivo.

Teñen un carácter interdisciplinario e están integrados por expertos/as en intervención psico-familiar, dereito de familia e mediación familiar.

É moi importante a coordinación entre o CIM, os servizos sociais e os PEF, aos efectos de manter actualizada a información sobre o réxime de visita das fillas e fillos das mulleres que sofren violencia de xénero, así como de coñecer calquera incidencia que tivera lugar ao respecto.

6. FLUXOGRAMAS DE ACTUACIÓN



A continuación establécese para cada área o fluxograma correspondente ao itinerario de intervención.


Establécese, en cada caso, a coordinación e interacción existente entre as diferentes áreas que interveñen no proceso.

Siglas empregadas:

CIM	Centro de Información á Muller
COPG	Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
CRI	Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero
FCS	Forzas e corpos de seguridade do Estado e corpos de policía dependentes das comunidades autónomas
IMELGA	Instituto de Medicina Legal de Galicia
OP	Orde de protección
PAPMVX	Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero
PCOP	Punto de Coordinación de Ordes de Protección
SS	Servizos Sociais
VX	Violencia de xénero


6.1 FLUXOGRAMA ÁREA EDUCATIVA

PROTOCOLO DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA




6.2 FLUXOGRAMA ÁREA SANITARIA

PROTOCOLO DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA




6.3 FLUXOGRAMA ÁREA DE FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

PROTOCOLO DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL FRENTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA




6.4 FLUXOGRAMA ÁREA XURÍDICA

PROTOCOLO DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA



6.5 FLUXOGRAMA ÁREA SOCIAL



7. RECOMENDACIÓNS E MELLORAS



Dentro do Observatorio Galego da Violencia de Xénero constituíuse o Grupo de traballo denominado, A voz das vítimas. Este grupo creouse a proposta das vogalías que representan ao Consello Galego das Mulleres no OBGVX, e a súa finalidade foi a de levar a cabo un proceso de escoita activa e información directamente con mulleres que sufriran unha situación de violencia de xénero, para achegar luz sobre a realidade que se atoparon no seu camiño de saída da violencia e poder achegar, a través da súa experiencia, melloras ao proceso de atención e intervención con mulleres que sofren violencia de xénero.

Algunhas das recomendacións de mellora que se recollen a continuación foron demandas feitas directamente por mulleres que atravesaron situacións de violencia, así como achegas efectuadas polas persoas profesionais que formaron parte dos Grupos de traballo ao longo das diferentes xuntanzas mantidas.

7.1 PROPOSTAS DE MELLORA E RECOMENDACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

- Dar visibilidade ás e aos menores como vítimas de violencia de xénero, establecendo recursos e procedementos de actuación específicos que faciliten a abordaxe integral e intervención a todos os niveis.
- Engadir sistemas e ferramentas que permitan analizar o grao de satisfacción das mulleres que sofren violencia de xénero con respecto aos servizos aos que acoden (tanto da atención recibida por parte do persoal, como valoración dos recursos, eficiencia do servizo prestado, temporalización, etc.), por exemplo a realización de enquisas de satisfacción.
- Establecer un sistema áxil, rápido e anónimo que facilite formalizar unha queixa ou suxestión.
- Dispoñer de información actualizada sobre recursos no ámbito da violencia de xénero, e datos de contacto, preferiblemente en formato dixital e en liña.
- Desenvolver programas de formación continua para promover a prevención e detección precoz da violencia de xénero nos diferentes eidos de intervención.
- Establecer mecanismos de cooperación e coordinación entre as distintas instancias que traballan coas mulleres que sofren violencia de xénero na súa recuperación, que contemple a realización de informes nos que consten as secuelas psicolóxicas da violencia na saúde mental das mulleres.
- Promover a realización de mesas de traballo e xornadas interdisciplinarias na que se achen casos reais, co obxectivo de intercambiar experiencias e coñecementos sobre procedementos de actuación.
- Crear un servizo profesional de acompañamento emocional e apoio para a realización de trámites ou xestións vencelladas coa violencia de xénero para as mulleres que, previa valoración técnica, así o precisen.
- Elaborar un manual sobre como tratar os datos de carácter persoal das persoas usuarias dos servizos das distintas áreas de intervención en materia de violencia de xénero.
- Establecer indicadores e procedemento para a valoración do risco integral en menores.
- Facer unha intervención especializada a nivel familiar ante o impacto xerado pola violencia de xénero no ámbito máis próximo.

7.2 PROPOSTAS DE MELLORA E RECOMENDACIONES POR ÁREAS

7.2.1 FORMACIÓN E CAPACITACIÓN

Área sanitaria

- Implantar formación específica en igualdade e violencia de xénero a nivel curricular na formación de grao do eido sanitario (Tamén na formación de residencia especializada).
- Promover a incorporación de módulos de violencia de xénero nas diferentes actuacións formativas que desenvolven as e os profesionais sanitarios: clases de preparación ao parto, xornadas informativas diversas (embarazo, menopausa, etc.).
- Fomentar a participación do persoal sanitario nas diversas accións que, en relación coa violencia de xénero, se realicen nas súas localidades de traballo: xornadas do ámbito socio comunitario, *Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional* contra a violencia de xénero, etc., de cara a fomentar a colaboración e coordinación entre os eidos sociais e sanitario en materia de sensibilización.

Área de forzas e corpos de seguridade

- Fomentar a empatía e a escoita activa entre os efectivos policiais que atenden e acollen ás mulleres que sofren situacións de violencia de xénero, facendo visible a importancia tanto no apoio como no acompañamento emocional por parte do persoal profesional.
- Incidir na importancia do asesoramento e información sobre os pasos a seguir por parte das mulleres, xa que moitas veces é escasa (o que provoca sensación de inseguridade e incerteza).
- Fomentar a participación do persoal de FFCCSS nas *Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional* contra a violencia de xénero que se constitúan no seu territorio, de cara a fomentar a colaboración e coordinación entre todos os ámbitos que traballan no eido da violencia de xénero e na atención das vítimas.

Área xurídica

- Desenvolver programas de sensibilización nos que participen mulleres que sufriron violencia de xénero, especialmente deseñados para avogadas e avogados, xuízas e xuíces, e Fiscalía, orientados a modificar as actitudes á hora de intervir coas mulleres, propiciando a proximidade e a escoita activa.
- Fomentar a participación de todo o persoal do eido xurídico nas *Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional* contra a violencia de xénero que se constitúan no seu territorio, de cara a fomentar a colaboración e coordinación entre todos os ámbitos que traballan no eido da violencia de xénero e na atención das vítimas.
- Impartir formación que mellore a escoita activa, a empatía e a intelixencia emocional.

Área social

- Incidir na formación especializada das e dos profesionais que interveñen na área social, non só no relativo ás materias propias da súa profesión, senón tamén nos procesos de mellora continua e calidade.
- Fomentar o intercambio de coñecemento, identificación de boas prácticas e ferramentas para a sensibilización de forma transversal e integrando a participación de profesionais do eido social, educativo e sanitario.

7.2.2 ATENCIÓN DA MULLER E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Área sanitaria

- Configurar unha rede de persoal sanitario especializado en violencia de xénero ao que se poida consultar dúbidas concretas por parte do resto do persoal do sector.
- Mellorar a actitude do persoal sanitario nos procesos de atención das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, fomentando a empatía, confianza e seguridade da muller.
- Facer visible o papel das persoas traballadoras sociais e do persoal especializado do ámbito sanitario en relación á abordaxe da violencia de xénero.
- Procurar a remisión dos partes de lesións dende os centros sanitarios aos xulgados sempre pola mesma vía e unha única vez, o que require coordinación con todas as áreas que interveñen no proceso (especialmente Área de forzas e corpos de seguridade), desta forma axilizarase a actuación a nivel xurídico, pois a remisión dun mesmo parte por distintas vías pode derivar na apertura de diferentes dilixencias, o que non é recomendable para a axilidade do procedemento.

Área de forzas e corpos de seguridade

- Establecer espazos que permitan atender e tomar declaración ás mulleres que sufriron ou sofren violencia de xénero, garantindo a súa intimidade e sensación de seguridade.
- Garantir o acompañamento e protección da muller fronte á familia do presunto agresor, unha vez que remata o proceso de denuncia.
- Crear ferramentas que faciliten o acceso de forma automatizada aos informes sociais ou médicos para mellorar a calidade do atestado.
- Xestionar e coordinar co IMELGA a través do envío telemático, por correo electrónico ou fax, o atestado policial e citacións correspondentes.

Área xurídica

- Adoptar medidas que eviten que a muller e os/as menores coincidan coa persoa denunciada, tanto no momento da declaración (coa posibilidades de establecer citacións en horarios diferentes, utilizar separadores, dispoñer de espazos físicos diferenciados, etc.) como no resto de dependencias xudiciais (habilitando espazos apropiados, ou no seu defecto utilizando despachos baleiros, etc.).
- Fomentar o uso de videoconferencias.

- Potenciar o papel das oficinas de asistencia ás vítimas do delito a través dunha sección especializada en acompañamento e asistencia ás persoas que sofren violencia de xénero.
- Dar a coñecer entre avogadas e avogados das quendas de oficio a obriga de comunicar ás mulleres que representan toda a información do caso coa antelación suficiente de xeito claro e preciso, así como de facerlles saber que poden/deben representalas en causas futuras, relacionadas coa situación de violencia de xénero.
- Traballar na creación dunha acreditación ou credencial da condición de vítima da violencia de xénero que posibilite á muller dispor dun documento xenérico único que lle permita acreditar dita situación de maneira áxil e sinxela ante os distintos servizos e recursos, sen necesidade de achegar a resolución xudicial, sentenza ou calquera outro documento no que figuren os datos do asunto e outros de carácter persoal.

Área social

- Estandarizar a coordinación entre os colexios de avogados/as e as asesorías xurídicas dos CIM e do CRI para favorecer o cumprimento do dereito a asistencia social integral e o “seguinto das reclamacións dos dereitos da muller”.
- Designar a unha persoa do CIM (ou no seu defecto da área de traballo social municipal) como única interlocutora coa muller vítima de violencia de xénero, usuaria do recurso, tentando que sexa quen a acompañe dende o momento en que se coñece a súa situación de violencia ata que remate o seu proceso, co fin de prestarlle todo o apoio e a información que precise.
- Impulsar a constitución, ou de estar constituídas, impulsar o funcionamento de *Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional* contra a violencia de xénero, como ferramenta útil de coordinación entre todos os ámbitos que traballan no eido da violencia de xénero e na atención das súas vítimas.
- Diseñar ferramentas que permitan coñecer a oferta formativa para o emprego e a existencia e vixencia dos programas de carácter específico de cara ao deseño dun itinerario de inserción que teña en conta as circunstancias reais das mulleres para acceder aos programas formativos.
- Ampliar ou crear dispositivos do segundo nivel de atención (CIM) especializados en intervención, tratamento e recuperación, constituídos por equipos interdisciplinarios.
- Incentivar a participación en actividades lúdico-deportivas dos concellos ou da Xunta de Galicia para as mulleres e menores que sofren violencia de xénero, previa valoración técnica, considerando os beneficios que reportan na súa recuperación.
- Mellorar a coordinación entre os puntos de encontro familiar e os CIM, servizos sociais municipais ou forzas e corpos de seguridade, co obxecto de garantir un axeitado tratamento das e dos menores usuarios do PEF.

ANEXOS



ANEXO 1

Consentimento informado e autorización para compartir información

ANEXO 2

**Derivación entre áreas e recursos destinados á loita contra
a violencia de xénero**

ANEXO 1

CONSENTIMENTO INFORMADO E AUTORIZACIÓN PARA COMPARTIR INFORMACIÓN

DATOS CONTACTO RECURSO

Nome e apelidos do persoal técnico de referencia:

NIF/NIE:

Enderezo:

Nº teléfono:

Correo electrónico:

No <Nome do recurso ou administración responsable> en cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de novembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmolle de que, no caso de prestar a correspondente autorización, con manifestación expresa do consentimento, mediante sinatura do presente documento, vostede acepta o aquí exposto:

1. Os seus datos persoais e demais información facilitada por vostede serán incluídos en ficheiros de datos, arquivos, informes e documentos elaborados por esta entidade, co obxecto de facilitar a atención, asistencia e intervención integral á que teñen dereito as mulleres que se atopan en situación de violencia de xénero, tal e como corresponde a este recurso e como se establece na normativa e lexislación vixente.
2. Os datos facilitados, así como os informes e documentación directamente elaborada por esta entidade en relación a súa petición, necesidade, situación ou estado e tamén a documentación achegada por vostede que se integre en calquera desa documentación, poderán ser compartidos e comunicados a terceiras persoas e entidades, sempre que desenvolvan as súas funcións no eido público e no marco da loita contra a violencia de xénero para os efectos do previsto no *Protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia*.
3. Os datos poderán ser transferidos e tratados por outras persoas e entidades co fin de salvagardar o interese vital, de seguridade, atención e intervención das persoas afectadas nos supostos de situacións de emerxencia, ou ante incapacidade física ou xurídica para que a persoa que asina a presente autorización, poida facilitar o consentimento.
4. Igualmente vostede autoriza a esta entidade para que poida xestionar a solicitude correspondente a terceiras persoas, que nos permita acceder a datos, arquivos, ficheiros, rexistros e calquera outra documentación ou información existente noutras entidades sempre que desenvolvan as súas funcións no eido público e no marco da loita contra a violencia de xénero e para os efectos do previsto no *Protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia*.
5. No caso de estimalo oportuno poderase manifestar a conveniencia de solicitar os datos das persoas achegadas (familia, amizades, laboral, social) co fin de que se demande autorización pertinente das devanditas persoas para o tratamento dos seus datos.

6. Poderase exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto dos datos que comunique ante esta mesma entidade ou administración, segundo o previsto na normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.
7. Todos os datos e información facilitada, en aplicación do segredo de deber e carácter confidencial, manteranse baixo as adecuadas medidas de seguridade de forma que garanta o acceso unicamente a persoas autorizadas e evite usos non correspondidos ou subtracción, perda ou alteración.

A manifestación do seu consentimento expreso e de todo o exposto nos apartados anteriores, prodúcese tras cubrir e asinar a seguinte declaración:

D/Dona _____
con DNI Nº _____

Declaro que, para os efectos do previsto no *Protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia* fun informada, nos termos expostos na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos persoais, da incorporación dos meus datos, ou se é o caso, os da miña filla menor¹, ao ficheiro desta entidade.

Informóuseme de que a sinatura desta declaración pola miña parte autorizará a esta entidade e a terceiras, sempre que sexan públicas e se atopen vinculadas á loita contra a violencia de xénero, a intercambiar, solicitar e emitir os informes, historiais, expedientes ou calquera outro documento coa única finalidade de facilitar a atención integral das mulleres que se atopan en situación de violencia de xénero.

Así como dos dereitos que me asiste a exercer o acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En consecuencia, sendo coñecedora de tal información e dereitos, manifesto a miña conformidade.

En (lugar) _____

a (día) _____ de (mes) _____ de (ano) _____

(SINATURA)

¹ Teranse en conta as modificacións lexislativos do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

ANEXO 2

DERIVACIÓN ENTRE ÁREAS E RECURSOS DESTINADOS Á LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Número de expediente: *(a cubrir pola persoa que asiste)*

Entidade derivante:

Nome e apelidos do persoal técnico que deriva:

Nº teléfono de contacto:

Correo electrónico: Solicito derivación de

Nome e apelidos da persoa que se deriva:

NIF/NIE:

A presente derivación lévase a cabo co fin de garantir a adopción de medidas preventivas e de seguridade, así como, a asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral e especializada segundo dereito recoñecido na propia Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

OBSERVACIÓNS:

En *(lugar)* _____

a *(día)* _____ de *(mes)* _____ de *(ano)* _____

(SINATURA da muller)

(SINATURA da/do profesional)

O presente documento deberá estar asinado tanto pola muller como polo persoal profesional que solicite a intervención.

**COMPROMISO DAS PARTES
E COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO**




Todas as entidades, axentes e administracións implicadas na prevención e tratamento da violencia de xénero participantes na elaboración deste protocolo comprométense a:

- Adecuar a súa actuación nos casos de violencia de xénero ao disposto no presente Protocolo de coordinación institucional, e aplicación dos protocolos existentes, dentro do máximo respecto ás respectivas competencias.
- Difundir o protocolo entre todas as persoas e entidades que integren a súa rede de atención ou interveñan en situacións de violencia de xénero.
- Participar no seguimento, actualización e avaliación deste protocolo nomeando unha persoa de referencia no seu ámbito de actuación para futuras revisións e introdución de melloras no protocolo.

Así pois, as partes que firman o presente documento comprométense a participar activamente co Observatorio Galego da Violencia de Xénero na posta en marcha da Comisión técnica de seguimento que será a responsable de:

- Coordinar a comunicación entre todas as institucións e axentes sociais implicados.
- Establecer os criterios e indicadores de seguimento, mellora e avaliación do protocolo.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento de obxectivos do protocolo.
- Facilitar o acceso aos informes que se realicen no marco da Comisión técnica de seguimento ás institucións e axentes sociais que interveñen na loita contra a violencia de xénero, co obxectivo de perfeccionar a coordinación, incluír melloras e contemplar futuras revisións.



PROTOCOLO
DE COORDINACIÓN
E COOPERACIÓN
INSTITUCIONAL
FRONTE Á
VIOLENCIA DE XÉNERO
NA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA

DLC-70-2018